

infraestruturas

Crearán case 300 novas prazas de estacionamento distribuídas en oito aparcadoiros. **Páx. 2**

política

Miguel Fernández formalizou a súa candidatura ás primarias do PSdeG para a Alcaldía de Lugo. **Páx. 8**

sociedade

A nova Cátedra Institucional de Xestión Cultural da USC foi inaugurada en Lugo. **Páx. 10**

rural

O Concello de Lugo executará os traballos de roza nas pistas municipais do rural. **Páx. 15**

cultura

O Muralleando celebrárase este ano na Praza Maior e na Praza de Santa María. **Páx. 16**

A zona do río Miño volve centrar o debate



A eclipse total de sol que terá lugar o 12 de agosto

O fenómeno de gran relevancia científica e social que converterá o ceo nun espectáculo. **Páx. 18-19**

A Deputación de Lugo pide sanidade pública

Reclaman retirar os cambios na atención primaria dos sábados por aumentar a presión nos PAC. **Páx. 28**

Agra dos Castros



O novo colectivo xorde para promover a integración nos barrios do norte. **Páx. 11**

Asociación de Paradaí



A Asociación de Veciños Alexandre Bóveda - Paradaí esixe melloras no barrio. **Páx. 12**

ONG Escuela Shantidi



A entidade social lembra todo o traballo solidario desenvolvido nestes 10 anos. **Páx. 14**

Case 30 anos de deporte na Escola Atlética Lucense

Javier Piñeiro destaca o traballo, a formación e a aposta polo talento local no club desde 1997. **Páx. 29**

EXCLUSIVIDAD para la **SALUD** de tu **SONRISA**

Especialistas centrados en:

- Ortodoncia infantil y adultos
- Ortodoncia invisible
- Articulación Temporomandibular - Bruxismo
- Problemas de Oclusión y Función
- Diseño de sonrisa
- Ortopedia dentofacial

982 22 58 70 • 659 44 05 13
info@ortodonciafigueiras.es

Rúa Camilo José Cela 13, Local 1. 27002 Lugo
(Pza. de Augas Ferreas, esq. R/ Cántigas e Frores)

¡Ortodoncia todos los días!

Lunes, miércoles y jueves:
12:00 a 20:00 h
Martes y viernes: 9:00 a 17:00 h

if
figueiras
ORTODONCIA

A cidade contará con 293 novas prazas de aparcadoiro

O Concello de Lugo impulsará a creación dunha nova rede de aparcadoiros que permitirá incorporar un total de 293 novas prazas de estacionamento distribuídas en oito puntos considerados estratéxicos do municipio. A actuación desenvolveuse mediante a utilización de cinco parcelas de titularidade municipal e outras tres privadas, xa que o Concello xa alcanzou un preacordo cos propietarios dos terreos para facilitar a súa incorporación á futura rede de estacionamento. Desde o Goberno local destacan a importancia destes acordos e consideran que a colaboración permite ampliar as posibilidades do proxecto máis alá do solo de titularidade pública. Segundo sinalan, o diálogo cos propietarios permitirá incrementar o número de prazas dispoñibles e desenvolver unha actuación máis ampla. As parcelas municipais incluídas nesta actuación sitúanse na Rúa Primavera, na Rúa Lucas Ferro Caaveiro, na Rúa Río Eo, na Rúa Xosé Castiñeira e na Avenida de Vilaverde. No caso dos terreos privados, os espazos previstos localízanse na Rúa Avutarda, na Rúa Eloi Maquieira e na Rúa Sanxillao. Do total de novas prazas, 164 habilitaranse en parcelas municipais, mentres que as 129 restantes estarán situadas en parcelas privadas, o que permitirá alcanzar unha capacidade global de 293 novas prazas de estacionamento. O contrato destinado á elaboración destes proxectos contará cun investimento de 17.303 euros. Segundo recolle o informe técnico que sustenta o expediente, a futura rede de

aparcadoiros permitirá incrementar a oferta de estacionamento nas zonas periféricas e de transición da cidade, favorecendo desprazamentos máis eficientes, reducindo o tráfico de paso e diminuindo a procura de aparcamento nas zonas con maior intensidade circulatoria.

AVENIDA VILAVERDE. O portavoz do Grupo Municipal Socialista de Lugo, Miguel Fernández, sinalou que a finalización da Avenida Vilaverde representa a actuación de maior relevancia estratéxica para mellorar a mobilidade na zona leste de Lugo. Segundo explicou, esta infraestrutura permitiría unha distribución máis eficiente do tráfico e reduciría a elevada carga circulatoria que soporta actualmente a Avenida de Fontiñas. Segundo detallou, a execución deste vial permitiría desviar unha parte do tráfico que actualmente se concentra na Avenida de Fontiñas, mellorar os itinerarios de desprazamento interno e crear arredor de 300 novas prazas de estacionamento, unha das demandas que “máis trasladan os veciños e veciñas da zona”, dixo.

Por outro lado, explicou que a conexión definitiva da Avenida Vilaverde facilitaría completar a estrutura urbana desta área da cidade, impulsar a creación de novas mazás mediante a conexión entre ambas avenidas a través de rúas transversais nos carrís actualmente pechados e favorecer unha comunicación peonil máis cómoda e segura entre Fontiñas, San Roque e a zona alta da cidade. O líder socialista lembrou que esta proposta xa fora presentada hai un

ano á Xunta de Galicia como unha actuación prioritaria para Lugo, “pero atopamos a mesma resposta de sempre: silencio e inacción. Nin o Goberno de Alfonso Rueda daquela nin o Executivo local de Candia agora moveron un só papel para facer realidade un proxecto fundamental para esta zona da cidade”, afirmou.

Por outro lado, Fernández avanzou a súa intención de impulsar un novo centro sociocultural para a zona sur da cidade, co obxectivo de prestar servizo aos barrios de Fontiñas, San Roque e Augas Férreas. “O crecemento residencial desta contorna debe ir acompañado da creación de equipamentos municipais que fomenten o desenvolvemento cultural e educativo e que tamén funcionen como punto de encontro social. Con esta proposta buscamos dar cobertura a miles de veciños e veciñas mediante un espazo de referencia para actividades culturais, sociais e asociativas. Iso tamén forma parte da calidade de vida e da cidade que queremos construír”, explicou.

APARCADOIRO EN FONTIÑAS. O BNG solicita información á Xunta de Galicia para coñecer os pasos dados no proxecto dun novo espazo de estacionamento en Fontiñas, unha actuación que “permanece sen avances efectivos máis de tres anos despois do seu anuncio”. O portavoz do BNG no Concello de Lugo, Rubén Arroxó, reclamou ao Goberno galego que “supere dunha vez a parálise” e evidencie un compromiso real coa mellora da mobilidade na cidade.



Arroxó lembrou que o proxecto foi anunciado polo presidente da Xunta, Alfonso Rueda, sen que desde entón se producisen avances, o que interpreta como unha falta de compromiso coa veciñanza de Fontiñas; e cuestiona a planificación da actuación, ao considerar pouco axeitado destinar arredor dun millón de euros a un aparcadoiro nunha zona onde xa existe dispoñibilidade de prazas. Fronte a esta proposta, o BNG defende unha alternativa que xa presentou mediante emenda aos orzamentos autonómicos, e que consiste na creación de máis de 100 novas prazas de estacionamento no cruzamento da rúa Primavera co Carril das Hortas e o Carril das Flores.

Segundo Arroxó, esta opción permitiría dar resposta real á demanda existente e mellorar a calidade de vida da veciñanza cun uso máis eficiente dos recursos públicos. O espazo emprégase agora como estacionamento desordenado, pero “podería reordenarse e integrarse na renovación xa en marcha do Carril das Flores”. O proxecto permitiría, ademais, crear unha infraestrutura de dúas alturas, aproveitando o desnivel do terreo, o que posibilitaría achegar preto dun cento de prazas nunha superficie de arredor de 3.000 metros

cadrados. O BNG sinala que a actuación podería executarse mediante a declaración de interese autonómico.

APARCADOIRO AVENIDA BREOGÁN. O portavoz do Grupo Municipal Socialista, Miguel Fernández, instou ao Goberno local a impulsar medidas que permitan dinamizar o uso do aparcadoiro disuasorio construído pola Xunta de Galicia na Avenida Breogán, advertindo de que a escasa ocupación que presenta actualmente “corre o risco de converter unha infraestrutura que custou arredor dun millón de euros nun investimento sen utilidade para a cidade”. Fernández asegurou que o Concello non pode limitarse a contemplar como unha infraestrutura pública permanece practicamente baleira. “Un aparcadoiro disuasorio só cumpre a súa función cando consegue atraer usuarios e modificar os hábitos de mobilidade. Se iso non sucede, o que queda é unha obra moi custosa que non resolve ningún problema”, afirmou. Neste sentido, o portavoz socialista pediu ao Executivo local que, en colaboración coa Xunta, analice actuacións que permitan incrementar a utilización deste espazo dentro dunha estratexia global de mobilidade.



Clinica dental
Mosquera Otero



Registra Sanitario: C27-0012149



- CIRURXÍA DENTAL
- PERIODONCIA
- ODONTOLoxÍA RESTAURADORA
- RADIOLOGÍA 3D
- ESCÁNER INTRAORAL
- ORTODONCIA
- IMPLANTOLoxÍA
- ESTÉTICA DENTAL
- PRÓTESIS
- ODONTOPEDIATRÍA



Te damos
una razón
PARA SONREIR

Ronda Valle Inclán 1, Bajo. Lugo

982.803.132

cdentallugo@gmail.com

www.mosqueraotero.es

O Goberno local insiste en manter o pantalán na zona do río Miño

O Concello de Lugo reafirmou a súa intención de continuar realizando as xestións necesarias para intentar manter o pantalán instalado na contorna dos Robles, cando menos ata a próxima competición de piragüismo prevista para o mes de outubro. O Goberno local considera que a infraestrutura demostrou a súa utilidade tanto para a práctica deportiva como para mellorar o acceso da cidadanía ao río Miño e asegura que seguirá defendendo a súa continuidade dentro da legalidade. A instalación do pantalán levouse a cabo en colaboración coa Federación Galega de Piragüismo coincidindo coa celebración do Campionato Galego e do X Campionato de España de Barco Dragón. Segundo explica o Concello, o obxectivo era comprobar sobre o terreo se a infraestrutura respondía ás necesidades dos clubs e deportistas e se podía converter tamén nun recurso útil para o conxunto da veciñanza.

Porén, o anuncio realizado polo Goberno local sobre a recuperación progresiva do río Miño como espazo de lecer, deporte e convivencia cidadá quedou condicionado pola autorización temporal emitida pola Confederación Hidrográfica Miño-Sil (CHMS). O presidente do organismo, José Antonio Quiroga, confirmou que o permiso concedido estaba limitado ao desenvolvemento destas probas deportivas e que a infraestrutura instalada debía ser retirada o martes 7 de xullo, unha vez rematado ese período.

Desde a CHMS explicaron que a plataforma flotante, ancorada a terra e sen incidencia directa sobre o leito do río, recibiu unha autorización concreta e limitada para a celebración destes eventos, polo que a súa



permanencia máis aló desa finalidade non estaba prevista inicialmente. A pesar diso, o Concello asegura que o balance realizado tras a experiencia é positivo e sostén que o pantalán demostrou ser unha ferramenta eficaz non só para facilitar a práctica do piragüismo, senón tamén para proporcionar á cidadanía un acceso ao río "máis seguro, cómodo e accesible".

Por ese motivo, o Executivo local apela ao "sentido común" para permitir a continuidade da infraestrutura e lembra que a propia Confederación autorizou a súa instalación tamén para a proba prevista en outubro, ademais de contar cun informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Natural. O Consistorio xa presentou un recurso contra a decisión que obriga ao seu desmontaxe e insiste en que continuará realizando todas as xestións necesarias para defender a súa permanencia. Ademais, o Concello lembra que a conselleira de Medio Ambiente, Ángeles Vázquez, confirmou recentemente que a Dirección Xeral de Patrimonio Natural emitiu un informe técnico favorable ao considerar que a instalación non provoca

afeccións ao patrimonio natural. A titular autonómica sinalou tamén que, ao tratarse dunha infraestrutura flotante, "resulta máis prexudicial retirala agora para volver colocala en outubro que mantela instalada durante ese período".

CRÍTICAS DA OPOSICIÓN. O concelleiro socialista Jorge Bustos xa advertira de que se estaba trasladando unha imaxe que non se correspondía coa realidade ao asociar unha instalación provisional cun futuro espazo de baño. Dixo que a autorización respondía unicamente á colocación temporal dunha estrutura vinculada a unha competición deportiva e unha praia fluvial require servizos e infraestruturas específicas para garantir a seguridade e o seu correcto funcionamento.

Tamén o BNG criticou a actuación do Executivo municipal. O portavoz nacionalista, Rubén Arroxo, cualificou a iniciativa como "un novo exemplo da política de escaparate do PP" e asegurou que a retirada do pantalán evidenciaba unha falta de planificación. Ademais, reclamou unha xestión máis coordinada e unha planificación adecuada.

O BNG propón crear unha zona de baño na contorna de O Muíño



O BNG de Lugo propuxo aproveitar o novo espazo creado na contorna do antigo restaurante O Muíño para habilitar unha zona pública de acceso ao baño no río Miño. A formación considera que as actuacións realizadas nesta área transformaron a contorna e abriron novas posibilidades para facilitar o acceso da cidadanía ao río.

O portavoz nacionalista Rubén Arroxo lembrou que a formación leva tempo defendendo a creación de distintos puntos de acceso ao baño no Miño, co obxectivo de que a veciñanza poida gozar do río en diferentes localizacións e sempre de maneira compatible coa protección ambiental.

Neste sentido, Arroxo destacou as posibilidades que ofrece o novo espazo habilitado xunto ao antigo restaurante O Muíño, indicando que a configuración actual da zona crea unha oportunidade que antes non existía. Segundo explicou, a proposta pasa por acondicionar a área situada na nova escaleira para facilitar un acceso público ao río.

Desde o BNG subliñan ademais que o lugar presenta condicións favorables para este tipo de actuacións. A formación lembra que o punto proposto atópase fóra da Rede Natura 2000 e que xa foi resolta a situación derivada da presenza de especies protexidas de mexillón de río. Antes do inicio das obras de reparación do caneiro da Acea foi necesario trasladar arredor de 15.000 exemplares destas especies, unha actuación que permitiu posteriormente continuar cos traballos.

Os nacionalistas consideran que, unha vez superadas estas cuestións e avanzadas as obras na zona, é o momento de estudar a creación dun acceso acondicionado e seguro ao río, cunha actuación respectuosa coa contorna e que amplíe as posibilidades de uso público e lecer vinculadas ao Miño.

Rubén Arroxo defendeu que Lugo debe continuar fortalecendo a súa relación co río e aproveitar as oportunidades que permitan achegalo á veciñanza.

escoladeartelugo.com
982 220 790

**ESCOLA
RAMÓN
FALCÓN**

**ABERTA INSCRIPCIÓN EXTRAORDINARIA PARA
CICLOS FORMATIVOS ATA O DÍA 01 DE SETEMBRO**

Ciclos de grao superior (con bacharelato*):

FOTOGRAFÍA

CERÁMICA ARTÍSTICA

GRAVADO E TÉCNICAS DE ESTAMPACIÓN

Ciclo de grao medio (con ESO*):

SERIGRAFÍA ARTÍSTICA

*OU A TRAVÉS DUNHA PROBA PREVIA

A Vicepresidencia ampliará o aforo do Pazo dos Deportes



A Vicepresidencia da Deputación de Lugo adxudicou a reforma do palco do Pazo Provincial dos Deportes, unha actuación que permitirá poñer a disposición do público xeral 116 novos asentos. Os traballos contarán cun investimento de 47.000 euros e consistirán na reorganización da grada situada na contorna do actual palco, reducindo as súas dimensións para incrementar as prazas dispoñibles para próxima temporada.

O vicepresidente da Deputación, Efrén Castro, destacou que a institución continúa avanzando na modernización do Pazo dos Deportes mediante investimentos continuos nas instalacións e lembrou o compromiso adquirido coa execución inmediata desta actuación para habilitar as novas localidades antes do inicio da seguinte campaña deportiva.

A remodelación do palco enmárcase dentro das actuacións previstas no estudo de ampliación do Pazo dos Deportes presentado pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo o pasado mes de maio.

O proxecto contempla a creación dunha nova estrutura perimetral no exterior do edificio, á altura da

terceira planta, coa finalidade de habilitar novos corredores de distribución e destinar os actuais espazos a novas gradas fixas. Esta intervención permitiría aumentar a capacidade total da instalación en arredor de 1.000 prazas adicionais.

O informe técnico, que cifra en 13 millóns de euros o investimento necesario para desenvolver esta reforma integral, foi remitido á Xunta de Galicia, ao Concello de Lugo e ao Consello Superior de Deportes para que as administracións poidan analizar o proxecto e valorar a súa participación na execución das obras.

A actuación sobre o palco de autoridades supón un novo avance dentro do proceso de actualización das instalacións deportivas provinciais. Entre as melloras xa executadas atópanse a renovación dos asentos do anel inferior e da iluminación, actuacións destinadas a mellorar a accesibilidade exterior do edificio, traballos de pulido, vernizado e pintado da pista, a limpeza integral da fachada, a instalación de varandas nas escaleiras de acceso, a impermeabilización da cuberta e a colocación dun videomarcador.

ADEGA pide frear a urbanización na cabeceira do río Rato

ADEGA-Lugo presentou a campaña de micromecenado "Río Rato sen cemento", unha iniciativa coa que pretende obter os fondos necesarios para facer fronte aos custos derivados do recurso contencioso-administrativo que presentará contra o Plan Parcial do sector S-5.I, un proxecto que contempla a urbanización de máis de 32 hectáreas situadas na cabeceira do río Rato para ampliar o polígono industrial do Ceao.

A campaña desenvolverase en dúas fases. A primeira prolongarase durante un mes co obxectivo de conseguir os primeiros 6.000 euros, mentres que a segunda terá unha duración de dous meses para completar a recadación doutros 6.000 euros e alcanzar así os 12.000 euros previstos.

Desde ADEGA consideran que a actuación prevista representa unha das maiores ameazas ambientais das últimas décadas para Lugo. Segundo a entidade, a urbanización afectaría directamente ás nacentes do río Rato e podería comprometer o estado ambiental e o caudal de todo o seu percorrido. Ademais, advirten da posible destrución de regatos, zonas húmidas e pequenas lagoas que alimentan o río, así como de bosques de ribeira e carballeiras de gran valor ecolóxico que albergan especies protexidas e hábitats prioritarios recoñecidos pola normativa europea.

A organización ecoloxista tamén alerta das consecuencias derivadas da impermeabilización de máis de trinta hectáreas de solo natural, unha situación que, segundo sostén, incrementaría o risco de inundacións durante epi-



sodios de choiva intensa e reduciría a capacidade do territorio para facer fronte aos períodos de seca. ADEGA defende que a execución deste proxecto limitaría de forma permanente a posibilidade de crear un gran cinto verde periurbano que conectase os ríos Miño e Rato, unha infraestrutura natural que permitiría dotar á cidade dun espazo máis saudable e adaptado aos desafíos derivados da crise climática. A entidade subliña ademais que Lugo dispón doutros terreos industriais dispoñíbles, polo que considera innecesaria a ocupación deste espazo natural. Durante a presentación da campaña no Vello Cárcere de Lugo, o presidente de ADEGA-Lugo, Xosé Manuel Rodríguez, afirmou que o debate vai máis alá dun conflito urbanístico e insistiu en que está en xogo o futuro ambiental da cidade e a conservación do seu patrimonio natural.

A asociación considera que a vía xudicial resulta fundamental para defender o interese xeral, aínda que insiste na necesidade de acompañala cunha ampla im-

plicación social. Por este motivo, fixo un chamamento á cidadanía para participar na campaña mediante achegas económicas e colaboración na difusión da iniciativa.

No acto tamén participou o presidente do Comité Galego da AEEMS-Ríos con Vida, Joaquín Gutiérrez, quen expresou o apoio da entidade á defensa das nacentes e das zonas húmidas asociadas ao río Rato e reiterou o compromiso de continuar colaborando na protección deste espazo natural.

As persoas que decidan facer a súa achega a esta iniciativa de micromecenado “Río Rato sen cemento” poderán facelo a través da páxina web da campaña adeqa.gal/rioratosencemento.

Deste xeito, búscase implicar á sociedade lucense na defensa dun espazo clave para a biodiversidade, a adaptación ao cambio climático e a calidade de vida da cidade. ADEGA confía en que o apoio cidadán permita afrontar o proceso xudicial e abrir un debate sobre un modelo de desenvolvemento máis sostible para Lugo.

Certificados profesionales. Tu titulación oficial GRATIS



TELEFORMACIÓN

Inicio inmediato | Plazas limitadas | Reserva la tuya

ADGD0210 - Creación y gestión de microempresas

Certifícate a tu ritmo y sin salir de casa. Solo necesitas el Bachillerato o equivalente.

estudiosrafer.es
formacion@estudiosrafer.es | 982 22 26 49


**XUNTA
DE GALICIA** | CONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓN

GOBIERNO DE NAVARRA
MINISTERIO DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL Y DEPORTES



Esixen a mellora do acceso entre a N-VI e a Avenida das Américas

A Plataforma Veciñal Barrio da Residencia reclamou ao Concello de Lugo unha intervención urxente no enlace que comunica a N-VI coa Avenida das Américas, unha vía que, segundo denuncian, presenta un avanzado estado de deterioro e múltiples deficiencias que afectan á seguridade da circulación.

O colectivo veciñal asegura que o firme se atopa moi desgastado e que na calzada existen fochancas de grandes dimensións, unha situación que consideran preocupante tanto para os condutores como para o conxunto dos usuarios da vía. Por este motivo, solicitan ao goberno local que actúe con rapidez para reparar os danos e evitar que o problema continúe agravándose.

Desde a Plataforma sosteñen que o estado actual deste acceso é consecuencia da falta de planificación e seguimento por parte do Concello no mantemento das infraestruturas municipais. Ao seu



xuízo, a administración local debe garantir a conservación adecuada dos espazos públicos e atender as necesidades dos distintos barrios de forma equilibrada.

Ademais da reparación da vía, os veciños reclaman un reforzo das tarefas de limpeza e conservación na contorna, así como a posta en marcha dun programa periódico de mantemento que permita pre-

servar en boas condicións os espazos públicos do barrio e evitar situacións similares no futuro.

A Plataforma Veciñal do Barrio da Residencia advertiu que continuará trasladando as demandas da veciñanza ao executivo municipal ata que se adopten medidas efectivas que dean resposta aos problemas detectados na zona e melloren o estado das infraestruturas.

A Fábrica da Luz de Lugo abriu as súas portas cunha exposición

A Fábrica da Luz de Lugo iniciou unha nova etapa coa presentación do proxecto 'A gastronomía que non debemos perder', unha iniciativa integrada no Plan de Sustentabilidade Turística 'Et edendo, Lucus' que permitirá dotar este histórico edificio de novos usos vinculados á cultura, o turismo e a promoción da gastronomía local.

O inmoble incorpora un espazo expositivo permanente dedica-

do á súa historia e á memoria industrial da cidade. A mostra percorre a evolución da antiga central hidroeléctrica, o seu papel na electrificación de Lugo e a conservación da súa maquinaria orixinal, ao tempo que pon en valor o seu interese arquitectónico e a súa relación co río Miño e coa identidade da cidade.

A programación da xornada de inauguración completouse cun-

ha visita guiada pola contorna da Fábrica da Luz, na que se explicou a importancia histórica da central hidroeléctrica e o proceso de rehabilitación do inmoble, así como coa realización dun *showcooking* a cargo do chef Héctor López baseado en produtos de proximidade. A actividade rematou cunha cata comentada dirixida polo enólogo Paco López, centrada na tradición vitivinícola galega.

Reclaman o reinicio inmediato das obras no barrio da Milagrosa



A Asociación de Veciños, Comerciantes e Industriais da Milagrosa expresou a súa preocupación pola situación de bloqueo nas obras da rúa Milagrosa, unha actuación que levaba anos sendo reclamada polo barrio e que continúa sen avances visibles despois de meses de inactividade. Desde a entidade lembran que, unha vez iniciados os traballos, considerouse necesario incorporar a renovación da rede de saneamento, unha actuación que a asociación apoiou ao entender que era unha mellora imprescindible para garantir a seguridade e a funcionalidade da vía. A asociación sinala que, tras a sentenza xudicial que resolveu a rescisión do contrato coa empresa adxudicataria, o Partido Popular asegurou publicamente que os traballos se retomarían nun prazo de catro días. Porén, denuncian que transcorridos dous meses desde o inicio do actual mandato municipal, a realidade é que a actuación continúa completamente paralizada e sen información clara para os residentes.

Segundo explican, esta situación está a provocar importantes conse-

cuencias no barrio. Os comerciantes están a rexistrar unha redución da súa actividade e da súa facturación, mentres que os negocios hoteleiros sofren unha caída significativa de clientes debido ao estado da rúa. A isto súmanse as molestias continuas que soportan os veciños, a sensación de inseguridade e o deterioro da contorna, ademais dos problemas de mobilidade provocados polos cortes, desvíos e obstáculos existentes.

Desde a Asociación esixen que as obras se reinicien de maneira inmediata e que se execute a actuación no menor prazo posible, cunha planificación transparente e cun compromiso firme por parte do Concello de Lugo.

A entidade asegura que os veciños do barrio se senten enganados pola situación actual e afirma que non poden aceptar máis atrasos, xustificacións nin abandono institucional. Consideran que A Milagrosa leva anos esperando unha intervención esencial para a vida diaria dos residentes, a actividade económica e a propia dignidade da comunidade.



CLÍNICA DENTAL TEST
CENTRO DE ODONTOLOGÍA
E IMPLANTOLOGÍA

Camiño Real, 36-38 Entlo

982 228 428 • 608 938 993

O BNG pide explicacións ao Goberno local polo estado de dous proxectos urbanísticos

O BNG de Lugo reclamou información ao Goberno local sobre a situación de dous proxectos urbanísticos impulsados durante o anterior mandato: a remodelación da unión entre as rúas Río Eo e Otero Pedrayo e a conexión peonil entre os parques de Rosalía de Castro e Marcos Cela. O portavoz nacionalista, Rubén Arroxó, anunciou que a formación solicitará explicacións sobre o proxecto elaborado para transformar a contorna de Río Eo e Otero Pedrayo, unha iniciativa que, segundo explicou, naceu tras diversas xuntanzas mantidas coa veciñanza da zona. A proposta contemplaba a creación dunha plataforma única con prioridade peonil, novas prazas de estacionamento, unha área de xogos infantís e unha reorganización do espazo mediante bancais con árbores.

Segundo indicou Arroxó, o proxecto quedara rematado durante a etapa do BNG no Goberno local e estaba preparado para iniciar a súa

tramitación antes da moción de censura.

Os nacionalistas tamén solicitaron información sobre o futuro da conexión entre os parques de Rosalía e Marcos Cela, unha actuación aprobada en pleno en 2018 a proposta do BNG e que, segundo Arroxó, permanece paralizada. O portavoz explicou que a obra se atopa adxudicada desde o pasado 28 de maio e pendente de aprobación definitiva, circunstancia que impide o inicio dos traballos.

A actuación prevé construír unha pasarela peonil metálica de aceiro corten apoiada sobre piares en forma de "V", cun trazado curvo pensado para facilitar a integración na contorna e recuperar a conexión peonil entre o parque e a zona do río. Arroxó asegurou que o BNG continuará facendo seguimento destes proxectos para garantir a súa execución e o cumprimento dos compromisos adquiridos coa cidadanía.

Máis preto dunha posible mellora dos barrios da Milagrosa e Feijoo

O Concello de Lugo continúa avanzando na tramitación para declarar unha Área de Rehabilitación Integral (ARI) nos barrios da Milagrosa e Feijoo, unha iniciativa que permitiría mobilizar máis de 13,6 millóns de euros destinados á rehabilitación de vivendas e á mellora do espazo urbano nestas zonas da cidade. A proposta abrangue un total de 475 vivendas distribuídas en 27 rúas e facilitaría aos propietarios acceder a axudas de entre 34.000 e 50.500 euros por inmovible para actuacións relacionadas coa eficiencia enerxética, accesibilidade, conservación e mellora da habitabilidade.

Entre as intervencións previstas inclúense a instalación de ascensores, melloras en escaleiras, cubertas e fachadas, renovación de fiestras e sistemas de calefacción e ventilación, reforzo de illamentos ou a incorporación de paneis fotovoltaicos, ademais de actuacións destinadas a mellorar os espazos públicos e a transformación urbana destes barrios.

A alcaldesa de Lugo, Elena Candia, entregou persoalmente á conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María José Allegue, a documentación aprobada pola Xunta de Goberno Local para solicitar formalmente esta declaración. O encontro serviu para coordinar os seguintes pasos administrativos entre ambas as administracións e avanzar nun proxecto que o Goberno local considera estratéxico para a cidade. Desde o Executivo municipal explican que a medida permitirá a Lugo optar ás futuras liñas de financiamento previstas no Plan Estatal de Vivenda 2026-2030.



Ademais, o Concello asegura que xa está a traballar na preparación das futuras bases reguladoras e dos mecanismos de xestión necesarios para activar as convocatorias en canto se concreten os fondos. Tamén prevé a creación dunha oficina de información e asesoramento no barrio da Milagrosa para acompañar á veciñanza durante a tramitación das futuras solicitudes.

O Goberno local defende que a iniciativa supón o desbloqueo dun expediente iniciado no ano 2015 e sostén que conseguiu completar en pouco máis dun mes a documentación necesaria para iniciar a súa tramitación formal. Segundo o Executivo, o obxectivo é anticiparse á distribución dos fondos e facilitar que a veciñanza poida beneficiarse das axudas no menor prazo posible.

CRÍTICAS DA OPOSICIÓN. Porén, a iniciativa xerou unha forte confrontación política. O exconcelleiro de Urbanismo Jorge Bustos reivindicou o traballo realizado polo anterior Goberno municipal e acusou ao actual Executivo

de atribuírse un proxecto que, segundo asegurou, xa fora desenvolvido durante o anterior mandato. Bustos afirmou que unha candidatura destas características require un complexo traballo técnico previo con estudos urbanísticos, análises edificatorias, memorias socioeconómicas, delimitacións cartográficas e estimacións económicas que, ao seu xuízo, non poden elaborarse nun prazo tan curto.

Segundo explicou, a documentación foi elaborada polo estudo GAO Arquitectura mediante un contrato impulsado polo anterior Executivo e contou coa participación de diversos servizos técnicos municipais. Ademais, asegurou que tamén quedara avanzada a interlocución institucional necesaria para facilitar a obtención dos fondos e criticou a xestión da Xunta en anteriores convocatorias de programas de rehabilitación.

Desde o PP responderon asegurando que, malia os anuncios realizados ao longo dos anos polos anteriores responsables municipais, nunca se chegara a completar a tramitación necesaria para acceder ás axudas. Os populares sosteñen que o acordo aprobado recentemente constitúe precisamente o paso que permanecía pendente e consideran que o importante é que os recursos poidan chegar finalmente á veciñanza.

Á polémica sumouse tamén a Asociación de Veciños, Comerciantes e Industriais da Milagrosa, que acusou ao Partido Popular de intentar apropiarse dun proxecto que considera resultado dun traballo colectivo desenvolvido durante máis dunha década entre a veciñanza, o tecido social, técnicos e anteriores gobernos municipais. A entidade sostén que o verdadeiro impulso do plan naceu do barrio e rexeita calquera utilización política dunha iniciativa que considera clave para a súa transformación futura.

Menús a medida

Salones individuais para un mínimo de 18 comensales

Cumpleaños
Comidas familiares
Comidas de empresa
Reuniones
Aniversarios
Bodas
Comuniones
Bautizos

TORRE DE NUÑEZ Hotel

982 30 40 40

676 75 52 78

RESISTENTE
A INMERSION
Y ALTAS
TEMPERATURAS

MICROCHIMENTO MICROESTIL: OPCIÓN IDEAL PARA PISCINAS

MICROESTIL.PAUDEPEDRA.COM
PAUDEPEDRA@MICROESTIL.COM
+34 982 209 078 / +34 622 885 435



O Sagrado Corazón, no centro do debate político na cidade

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo aprobou o expediente de expropiación forzosa, mediante o procedemento de taxación conxunta, dos bens e dereitos necesarios para construír o novo centro de saúde e outros equipamentos públicos previstos no barrio do Sagrado Corazón. O acordo permitirá ao Concello dispoñer dos terreos necesarios para poñelos a disposición da Xunta de Galicia e avanzar nunha infraestrutura considerada unha das principais demandas históricas da veciñanza. Desde o Goberno local destacan que a actuación permitirá mellorar a atención sanitaria dunha ampla zona da cidade e abrirá a porta ao desenvolvemento doutros servizos públicos previstos para esta contorna. Paralelamente, o portavoz do Grupo Municipal Socialista, Miguel Fernández, mantivo un encontro con veciños, veciñas e representantes do tecido asociativo do barrio para

analizar cuestións vinculadas ao futuro desenvolvemento do Sagrado Corazón. Durante a reunión, o socialista defendeu a continuidade dos proxectos impulsados durante o anterior mandato municipal e asegurou que o barrio se atopa ante unha oportunidade para superar décadas de illamento e converterse nunha das áreas con maior potencial de crecemento da cidade. No ámbito da mobilidade, Fernández destacou a importancia da apertura do paso de cidade ligado á futura estación intermodal, unha actuación que permitiría mellorar a conexión co resto de Lugo e co centro histórico a través do sistema de ramplas e ascensores previsto na estratexia Novo Norte. Tamén subliñou a remodelación da avenida Adolfo Suárez e do acceso pola Fervedoira, cuxa primeira fase executiva actualmente a Deputación Provincial, asegurando que estas actua-

cións suporán unha transformación importante para a seguridade viaria e o desenvolvemento da zona. Outro dos asuntos foi a necesidade de completar o desenvolvemento do Plan Paradaí coa mellora da Calzada das Gándaras, unha demanda veciñal que continúa pendente. En materia de vivenda, o portavoz socialista abordou o proxecto impulsado pola Xunta para construír máis de 1.200 vivendas e defendeu un crecemento equilibrado que respecte o planeamento e a calidade de vida da veciñanza. Respecto aos servizos públicos, Fernández lembrou que o seu grupo xa reclamara completar a expropiación dos terreos do antigo colexio, un procedemento que quedara preparado antes da moción de censura. Ademais, reiterou a proposta de que a parcela poida albergar un complexo sociosanitario con novos servizos como unha escola infantil pública e un centro de día.

Os campos de fútbol Luis López Gorgoso e A Cheda serán mellorados



O Concello de Lugo levará a cabo actuacións nos campos de fútbol municipais Luis López Gorgoso e A Cheda co obxectivo de corrixir os desprazamentos das liñas de marcaxe e outras incidencias detectadas nas superficies de xogo, que estaban a dificultar a práctica deportiva e afectando ao normal desenvolvemento da actividade dos clubs usuarios destas instalacións. No campo Luis López Gorgoso realizaranse traballos de aliñamento das liñas de marcaxe desprazadas mediante medios mecánicos, así como o recorte dos excesos de céspede que puideron producirse. Ademais, procederase á fixación das liñas sobre a base elástica existente, ao achegue de recheos e a un cepillado integral da superficie. E, no campo da Cheda, ademais destas mesmas actuacións, substituiranse varias zonas de céspede artificial deterioradas, realizaranse reparacións e repasos en distintos puntos da instalación e colocarse novo céspede nas áreas onde se produciu unha maior apertura das xuntas. O obxectivo é que os dous campos estean plenamente dispoñibles

para o inicio da pretempada das distintas entidades deportivas que desenvolven a súa actividade nestes espazos. Así mesmo, o Concello lembra que toda obra ou actuación de mantemento pode estar suxeita á aparición de incidencias ou retrasos imprevistos, polo que xa se está a traballar en solucións alternativas que permitan minimizar o impacto de calquera eventualidade e garantir que os clubs dispoñan das mellores condicións posibles para continuar coa súa actividade.

COMPLEXO DEPORTIVO O PALOMAR. A veciñanza de Lugo volve poñer o foco no estado das instalacións deportivas do complexo O Palomar, denunciando o deterioro progresivo dun espazo que podería utilizarse para practicar deporte ao aire libre. Segundo indican, moitos lucenses que antes acudían con frecuencia ao recinto deixaron de facelo pola falta de mantemento e polo estado das infraestruturas. “Non ten sentido dispoñer deste tipo de instalacións sen un mantemento adecuado”, sosteñen.

Rematadas as obras da rúa Picasso, promovidas polo anterior Goberno local

O Concello de Lugo vén de receptionar as obras de mellora da rúa Picasso, correspondentes a unha actuación iniciada pola Tenencia de Alcaldía do anterior Goberno local. A reurbanización integral desta zona do barrio de Fingoi foi concibida por Rubén Arroxó e Alexandre Penas como unha intervención destinada a mellorar o estado do espazo público e crear un novo ámbito de convivencia veciñal, tal e como se presentou

en xaneiro de 2026. A intervención permitiu a renovación completa dunha vía que presentaba beirarrúas estreitas, un firme moi deteriorado e ausencia de alumeadado público, ademais de completar a urbanización dunha zona que aínda permanecía sen acondicionar. Os traballos incluíron a renovación do pavimento, a mellora das zonas verdes e a modernización da iluminación pública, contribuíndo á posta en valor

do espazo urbano e á mellora dos servizos á veciñanza. O proxecto tamén contempla a renovación total da calzada e das beirarrúas, a ampliación da rede de plataformas únicas na cidade e a creación dun novo espazo axardinado na área aínda sen urbanizar. Ademais, prevese a instalación de alumeadado público e a execución de saneamento, co obxectivo de mellorar a seguridade e a accesibilidade da rúa.

GALICIAXA

GRAZAS!

Somos o medio lucense con máis páxinas vistas*

Aproban o regulamento da carreira profesional do persoal municipal

A Mesa Xeral de Negociación do Concello de Lugo avanzou en acordos entre o Goberno local e as organizacións sindicais, entre os que destaca a aprobación por unanimidade do regulamento da carreira profesional do persoal municipal, un avance considerado relevante no ámbito da xestión dos recursos humanos da administración local. Esta medida permitirá recoñecer a experiencia, a formación, o esforzo e a implicación dos empregados públicos ao longo da súa traxectoria laboral, establecendo un sistema orientado a valorar a súa evolución profesional dentro da administración.

A carreira profesional é unha ferramenta destinada a recoñecer a contribución do persoal municipal á mellora da calidade dos servizos públicos prestados polo Concello de Lugo, distinguindo a competencia profesional individual mediante criterios obxectivos.

Ademais, a Mesa aprobou a primeira modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT) desde a súa entrada en vigor no ano 2020, unha actualización consensuada por unanimidade na Mesa Xeral de Negociación co apoio de todas as organizacións sindicais con representación municipal. Segundo explicaron desde o Goberno local, esta revisión busca adaptar a organización municipal ás necesidades actuais dos servizos e á evolución da propia Administración.

Entre as principais modificacións incorporadas figura a adaptación da categoría profesional dos músicos da Banda Municipal, unha medida que permitirá desbloquear a reapertura da Escola Municipal de Música durante o curso 2026-2027, despois de permanecer dous cursos sen actividade. Ademais, tamén permitirá executar sentenzas firmes pendentes desde o ano 2021.

Miguel Fernández preséntase ás primarias do PSdeG en Lugo

O portavoz do Grupo Municipal Socialista no Concello de Lugo, Miguel Fernández, formalizou a súa candidatura ás primarias do PSdeG para optar á Alcaldía de Lugo, iniciando o proceso interno co que o dirixente socialista aspira a converterse no candidato do partido nas próximas eleccións municipais. Fernández asegurou que afronta esta nova etapa 'con máis ganas ca nunca' e afirmou que o seu principal obxectivo é recuperar un proxecto político que, ao seu xuízo, impulsou a modernización da cidade ata a moción de censura que desalojou ao PSOE do Goberno local. O candidato defendeu que a súa proposta busca retomar unha folla de ruta centrada no crecemento económico, a mellora da calidade de vida, o reforzo dos servizos públicos e a creación de novas oportunidades para a veciñanza. Entre as prioridades que marcou para unha futura etapa de goberno situou o acceso á vivenda, a creación de emprego, a mellora dos barrios, o impulso do rural e o desenvolvemento de políticas dirixidas á mocidade.



Antes de dirixirse ao conxunto da cidadanía, Fernández deberá superar o proceso de primarias do PSdeG, no que solicita o respaldo da militancia socialista. O portavoz destacou que este procedemento responde ao modelo participativo do partido, no que as decisións relevantes pasan polo apoio dos afiliados.

O líder socialista tamén reivindicou a xestión do anterior Goberno municipal progresista, asegurando que Lugo experimentou unha das etapas de maior transforma-

ción da súa historia recente. Neste sentido, puxo en valor actuacións relacionadas coa modernización da cidade, o impulso ao turismo, a mellora dos servizos públicos e os investimentos realizados durante o mandato socialista.

Ao mesmo tempo, mostrouse crítico coa situación política actual tras a moción de censura, que cualificou como unha ruptura do proxecto que, segundo afirmou, estaba en marcha para continuar avanzando na transformación de Lugo.

Pablo Portela, novo secretario xeral do Concello de Lugo

Pablo Portela Fernández tomou posesión como novo secretario xeral do Concello de Lugo nun acto celebrado no despacho de Alcal-

día, onde se formalizou a súa incorporación á administración municipal lucense.

O novo secretario xeral chega ao

cargo cunha ampla experiencia profesional como secretario de categoría superior.

Ao longo da súa traxectoria desempeñou esta responsabilidade en diferentes administracións locais, entre elas os concellos de Guitiriz, Gondomar e Tui, unha experiencia que agora porá ao servizo da institución municipal de Lugo.

Durante o acto, a alcaldesa de Lugo, Elena Candia, deulle a benvida en nome de toda a Corporación municipal e trasladoulle os seus mellores desexos nesta nova etapa profesional.

A rexedora expresou tamén a súa confianza en que a experiencia e coñecementos de Portela Fernández contribúan ao correcto funcionamento da institución municipal e ao obxectivo compartido de continuar prestando un servizo público de calidade á cidadanía.

Coa súa incorporación, o Concello de Lugo reforza unha área considerada clave para o funcionamento administrativo da institución.

Marfer

INFORMATICA

INFORMATIZACIÓN DE EMPRESAS

SERVICIO TÉCNICO LUGO Y PROVINCIA

Diagrama de servicios de Marfer:

- CRM
- CONTABILIDAD
- PRESENCIA
- PRODUCCIÓN
- FIDELIZACIÓN
- EXIT MOBILE
- EXIT B2B
- E-COMMERCE
- GESTIÓN
- SECCIÓN DE LABORALES

EXIT ERP
SOLUCIÓN MODERNA Y FLEXIBLE

C/ Alvedro, 2 - Lugo - Tel.: 982 263 084
www.imarfer.com - correo@imarfer.com

ORIXE

DO CAMPO

Ven a probar
nuestro bocata
de pulpo

Praza do Campo 9, Lugo
Tel.: 982 198 548

DEPUTACIÓN
DE LUGO

RUTAS EN CATAMARÁN POA RIBEIRA SACRA



INFORMACIÓN E RESERVAS:
TELE. 982 260 196

DEPUTACIÓN
DE LUGO

A USC inaugura en Lugo a nova Cátedra Institucional de Xestión Cultural



A Facultade de Humanidades do Campus de Lugo acolleu o acto inaugural da nova Cátedra Institucional de Xestión Cultural da Universidade de Santiago de Compostela (USC), unha iniciativa que busca consolidarse como un espazo de referencia para a investigación, a formación e a innovación vinculadas ao ámbito cultural. O acto estivo presidido pola reitora da USC, Rosa Crujeiras, e a subdelegada do Goberno en Lugo, Olimpia López, destacou a importancia do sector cultural máis alá do seu valor patrimonial e identitario. Segundo explicou, a cultura constitúe tamén un ámbito estratéxico para impulsar o desenvolvemento económico, favorecer a creación de emprego de calidade, fomentar a innovación e reforzar a cohesión social e territorial. López lembrou ademais o compromiso do Goberno de España co fortalecemento das industrias culturais e creativas, ás que definiu como un dos elementos fundamentais para avanzar cara a un modelo económico máis sostible, diversificado e baseado no coñecemento. Neste sentido, incidiu en que este sector pode contribuír de maneira significativa á xeración de oportunidades en territorios como Lugo.

A subdelegada tamén fixo referencia aos datos do Ministerio de Cultura, segundo os cales máis de 770.000 persoas desenvolven a súa actividade laboral no sector cultural en España, das que 36.800 pertencen a Galicia.

Durante a súa intervención, felicitou á Universidade de Santiago de Compostela, ás persoas impulsoras da Cátedra e ás institucións que participaron na súa creación. Ademais, puxo en valor o traballo desenvolvido polo actual equipo reitoral, sinalando que está a fortalecer a conexión entre a universidade e a sociedade mediante proxectos colaborativos que vinculan o coñecemento académico coas necesidades e desafíos do territorio.

Segundo indicou, esta nova ferramenta permitirá avanzar en diferentes ámbitos relacionados coa cultura, entre eles a investigación, a profesionalización da xestión cultural, a protección e valorización do patrimonio ou a elaboración de políticas públicas innovadoras capaces de contribuír ao desenvolvemento sostible desde o ámbito cultural. Finalmente, Olimpia López mostrou o seu convencemento de que a nova Cátedra Institucional de Xestión Cultural se converterá nun punto de encontro entre a universidade, as administracións públicas, o sector profesional e a sociedade. Ao seu xuízo, este espazo favorecerá a transferencia de coñecemento, o intercambio de boas prácticas e o fortalecemento da cultura como unha ferramenta esencial para construír unha sociedade máis democrática, creativa, inclusiva e preparada para afrontar os retos do futuro.

COLABORACIÓN CO CONCELLO.

Pola súa parte, a alcaldesa de Lugo, Elena Candia, destacou as condicións que sitúan a cidade nunha posición privilexiada para converterse nun referente neste ámbito, tanto pola riqueza do seu patrimonio material como polos elementos que conforman o patrimonio inmaterial. Candia sinalou que Lugo conta cun importante patrimonio e cunha oportunidade para formar profesionais especializados capaces de investigar, conservar e poñer en valor estes recursos culturais. Ademais, destacou que a nova cátedra pode converterse nun espazo de coñecemento e apoio para as administracións públicas á hora de impulsar novas iniciativas relacionadas coa protección e difusión patrimonial. mico desenvolvido pola Facultade de Humanidades, facendo referencia ao grao en Xestión Cultural, ao Máster en Servizos Culturais e ao programa de doutoramento en Estudos Culturais.

Nerea Gandoy estuda a relación entre un peixe e as enfermidades

A investigadora Nerea Gandoy Fieiras lidera un estudo centrado no uso do peixe cebrá como ferramenta para avanzar na comprensión de enfermidades xenéticas humanas raras, un traballo desenvolvido no marco da súa tese de doutoramento e dirixido polas profesoras da Universidade de Santiago de Compostela Laura Sánchez e Maribel Quiroga dentro do proxecto Pelayo. A investigación céntrase na enfermidade rara RFT1-CDG, unha patoloxía multisistémica altamente limitante da que apenas se documentaron 19 casos en todo o mundo. Esta enfermidade forma parte dos Defectos Conxénitos da Glicosilación e presenta unha ampla variedade de síntomas que poden afectar diferentes órganos e sistemas do organismo.

Co obxectivo de avanzar no coñecemento desta doenza e facilitar a procura de tratamentos, a investigadora empregou o peixe cebrá como modelo animal. Segundo explica, esta especie presenta entre un 70 % e un 80 % de homoloxía xenética cos seres humanos e comparte numerosas características biolóxicas relacionadas con órganos e tecidos. Ademais, o seu pequeno tamaño e a facilidade de manipulación no laboratorio convérteno nunha ferramenta especialmente útil para a investigación biomédica.

A tese, titulada *Molecular and phenotypic characterization of a rft1 mutant zebrafish model for a CDG subtype*, permitiu desenvolver un modelo animal estable capaz de re-



producir algúns dos síntomas observados nos pacientes afectados pola enfermidade, converténdose nun recurso potencial para probar futuros tratamentos farmacolóxicos.

Entre as características que fan especialmente interesante ao peixe cebrá atópase a súa reprodución mediante fecundación externa, unha particularidade que facilita a observación directa de todas as fases do desenvolvemento embrionario e permite aplicar técnicas de edición xenética como CRISPR/Cas9.

Esta ferramenta de modificación xenética permitiu crear un modelo mutante no xene *rft1*, facendo posible afondar no estudo da proteína RFT1, considerada clave para comprender a enfermidade. Durante a investigación analizouse a expresión do xene e a distribución da proteína en distintas etapas do desenvolvemento e observouse a súa presenza en órganos e sistemas que coinciden con aqueles afectados nos pacientes diagnosticados

con RFT1-CDG.

Os resultados permitiron comprobar que a proteína desempeña un papel esencial no correcto desenvolvemento embrionario desde os primeiros momentos da fecundación. Ademais, os peixes modificados presentaron alteracións que gardan relación cos síntomas observados nos pacientes, como microcefalia, menor capacidade locomotora ou malformacións craneofaciais. O estudo tamén detectou alteracións na expresión doutros xenes relacionados coa glicosilación e dificultades na rexeneración de tecidos, como a aleta caudal.

A propia investigadora destacou que, cando se iniciou este traballo, o coñecemento sobre a enfermidade era moi limitado e reducíase principalmente á identificación de síntomas e á función discutida da proteína. O novo modelo animal supón agora unha ferramenta estable para avanzar na investigación e na avaliación de posibles tratamentos.

Poñen en marcha novos tótems dixitais para reforzar o turismo e a cultura

O Concello de Lugo xa ten plenamente operativos os seis tótems dixitais instalados en distintos espazos culturais e museísticos da cidade co obxectivo de facilitar ás persoas visitantes un acceso máis sinxelo e completo á información turística e patrimonial do municipio. A iniciativa pretende mellorar a experiencia do público mediante ferramentas que permitan consultar contidos actualizados de maneira rápida e intuitiva.

Os dispositivos situáronse no Museo Arqueolóxico de San Roque, no Museo Interactivo da Historia de Lugo (MIHL), na Sala Porta Miñá, no Centro de Inter-

pretación da Muralla, na Casa dos Mosaicos e no Vello Cárcere, creando unha conexión entre os principais recursos culturais da cidade.

A través das pantallas táctiles, visitantes e cidadanía poden acceder a información práctica sobre horarios, localizacións, recursos dispoñibles e redes sociais dos diferentes espazos museísticos. Ademais, permiten consultar a páxina museoslugo.gal, visualizar vídeos sobre o patrimonio lucense e descargar contidos relacionados coas rutas turísticas, o Camiño Primitivo, as ventás arqueolóxicas ou planos da cidade.

Os novos dispositivos tamén incorporan acceso á axenda cultural municipal para facilitar o coñecemento das actividades programadas en Lugo, tanto para visitantes como para a veciñanza. O proxecto foi financiado con fondos europeos Next Generation a través do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino e contou cun investimento próximo aos 60.000 euros. Desde o Concello sinalan que esta actuación forma parte das medidas destinadas á modernización dos servizos municipais e ao reforzo da promoción de Lugo como destino cultural e patrimonial mediante o uso de novas tecnoloxías.

“Non chegamos para competir, senón para sumar á sociedade”

A entidade nace para reivindicar o valor patrimonial do xacemento de Agra dos Castros e reforzar a cohesión social entre os barrios do norte de Lugo

Jessica Fernández

A preocupación polo estado de abandono e o escaso coñecemento dun dos xacementos arqueolóxicos máis relevantes da cidade de Lugo, o Agra dos Castros, situado no barrio da Piringalla e cunha orixe que se remonta á Idade do Ferro no século II a.C., foi o punto de partida para a creación da Asociación Cidadá Agra dos Castros.

Este enclave, no que viviron comunidades que coñeceron a conquista romana e a posterior transformación na *Lucus Augusti*, leva anos nun segundo plano tanto no ámbito patrimonial como no social. A partir desta realidade, un grupo de veciños decidiu impulsar unha entidade que non só reclame a súa posta en valor, senón que tamén actúe como ferramenta de cohesión entre os barrios do norte de Lugo.

A presidenta da asociación, Rosana, explica que a iniciativa nace “coa idea de escoitar e mellorar a calidade de vida da veciñanza” e cunha vocación clara de representación dun amplo territorio urbano que abrangue A Milagrosa, Barrio Feijoo, Paradai, Albeiros, A Garaballa, Piringalla,

Garabolos, O Castiñeiro ou O Souto, entre outros. Ademais, sinala que o proxecto ten tamén como segundo gran obxectivo “poñer en valor Agra dos Castros, como se fixo co Castro de Viladonga, non só pola necesidade de valorar o noso patrimonio histórico-artístico, senón polo seu potencial turístico para a zona norte da cidade”.

A identidade visual da asociación tamén bebe directamente do propio xacemento. O seu logotipo inspírase na decoración da cerámica atopada nas escavacións realizadas, con semicírculos e liñas discontinuas. “Quixemos facer unha reinterpretación deses semicírculos, representando cada un deles a un barrio da zona norte, unidos, como nunha agra, por un mesmo círculo que os arroupa a todos”, explica Rosana.

Outro dos piares da entidade é o seu carácter integrador. A presidenta establece un paralelismo entre a historia dos barrios e os procesos migratorios actuais: “Os barrios da zona norte de Lugo xurdiron, en gran parte, da migración cara á cidade da xente das aldeas do municipio; exactamente igual que está a pasar agora

coas persoas inmigrantes. Cremos que non hai cidadáns de primeira e de segunda”. Engade tamén que moitas veces existe descoñecemento e prexuízos sobre a zona: “Sinto que estou moi orgullosa de vivir onde vivo, pero non me vexo representada con certos comentarios que se escoitan sobre esta zona. Por iso queremos fomentar actos para coñecernos, escoitarnos e poñernos en valor”.

A asociación tamén pon o foco na memoria histórica recente dos barrios, lembrando que a súa orixe está ligada aos movementos migratorios internos das décadas de 1940 e 1950, cando moitas persoas chegaron ás cidades na procura de traballo e mellores condicións de vida, un fenómeno que, segundo destacan, presenta paralelismos coa realidade actual.

No que respecta á colaboración con outras entidades, a presidenta insiste en que non existe vontade de competir, senón de complementar o tecido asociativo existente. “Estamos encantados de que haxa tantas asociacións nos barrios que organizan festas ou actividades, porque



así podemos completar a oferta con outras cousas. Non chegamos para competir, senón para sumar”, sinala. Entre as primeiras liñas de traballo da nova asociación destacan as mesas redondas, charlas e sesións informativas sobre problemáticas que afectan ao barrio, con especial atención á vivenda. “Somos conscientes dos retos e dificultades que afectan aos nosos barrios. Convencidos de que non hai solucións simples a problemas complexos, as primeiras accións que imos realizar son sesións informativas, charlas e mesas redondas que poñan en valor proxectos de barrio integradores e diferentes solucións aos problemas da vivenda entre outros”, explica Rosana.

Nun contexto que definen como crecente individualismo social, a entidade tamén pretende reforzar a idea de comunidade. “Nunha sociedade tan individualista queremos defender o interese común, cuestionando iso e

creando un pouco de colectividade. Todos poden convivir, pero para iso temos que coñecernos”, apunta.

A primeira gran actividade pública da asociación foi o seu acto de presentación, no que se homenaxeou a Valentín Arias Pontón, quen foi durante dúas décadas presidente da Asociación de Veciños da Milagrosa. A súa figura foi destacada como exemplo de diálogo e convivencia, polo seu carácter conciliador e a súa disposición permanente a escoitar á veciñanza independentemente das súas ideas políticas.

Finalmente, Rosana fixo un chamamento á participación cidadá, convidando a todas as persoas interesadas a sumarse ao proxecto. “Todo o mundo que queira participar que nos mande un correo electrónico. Invitamos porque a asociación trata de unir e de que haxa representantes de todos os barrios desta zona”, concluíu.

O BNG e a sociedade reivindicaron a memoria de Moncho Reboiras

O BNG de Lugo celebrou un acto de homenaxe e lembranza a Moncho Reboiras no que expresou o seu rexeitamento aos intentos de retirar espazos e elementos de recoñecemento vinculados á memoria histórica. Os participantes defenderon a necesidade de preservar o recordo das persoas represaliadas durante a ditadura franquista.

O portavoz do BNG no Concello de Lugo, Rubén Arroxo, asegurou que

determinadas iniciativas promovidas polo Partido Popular supoñen un intento de eliminar o recoñecemento ás vítimas do franquismo e aos espazos creados para preservar a súa memoria. Segundo indicou, reivindicar estas figuras resulta especialmente importante no actual contexto.

O escritor Lois Diéguez destacou a figura de Moncho Reboiras pola súa contribución á organización do

movemento obreiro galego e pola súa participación na creación do Sindicato Obreiro Galego, entidade considerada precedente da actual Confederación Intersindical Galega. E puxo en valor o compromiso de Reboiras coa defensa das liberdades e dos dereitos democráticos.

Arroxo criticou tamén a iniciativa presentada polo Partido Popular no Parlamento galego para solicitar a retirada das figuras e elementos



de homenaxe a Moncho Reboiras instalados en diferentes cidades de Galicia. Ademais, lembrou que Lugo deu un paso importante neste proceso de recoñecemento tras a instalación dun busto dedicado á súa figura.

Neste sentido, sinalou que xa no ano 2009 o Estado español recoñecera oficialmente a Moncho Reboiras como vítima do franquismo e destacou que se avanzou nunha nova etapa orientada a ampliar a súa presenza e visibilidade.



Reino Animal Lugo

Tanatorio - Crematorio de mascotas

Servicio 24 horas

644 861.417

P.E. As Gándaras, Rúa H 12-14 Local 2

“Consideramos que Paradai é un barrio abandonado e esquecido”

Carmen Casasnovas, presidenta da Asociación de Veciños Alexandre Bóveda - Paradai, destaca a importancia do barrio e o traballo desde a súa fundación

Jessica Fernández

Como xorde a idea de poñer en marcha a asociación?

Hai máis de 20 anos, ninguén se preocupaba polo barrio de Paradai. Na rúa principal do barrio había moitos accidentes e, a raíz dun accidente moral, empezamos a pensar que tiñamos que solicitar algún método disuasorio para que non houbera tanto coche correndo a tanta velocidade. Así, pedimos que se puxesen uns semáforos. Daquela, desde o Concello dixéronnos que era imposible e puxéronnos moitos problemas, ata que propietarios de establecementos e veciños da zona me axudaron a recoller sinaturas. Recoillemos tantas que decidimos crear unha asociación, non só para iso, senón tamén para intentar mellorar a calidade de vida e o benestar dos veciños do barrio.

Cales foron as primeiras iniciativas para mellorar Paradai?

Desde daquela e ata agora temos a mesma, que é un local social, porque non o temos. O noso labor finánciase con pequenas axudas

do Concello e da Deputación, pero nós poñemos cartos cando os necesitamos. Despois de conseguir que nos puxesen semáforos, outra das necesidades que tiñamos e temos é que o Concello de Lugo limpe os solares que ninguén vén limpar e loitamos por iso cada pouco tempo. Tamén pedimos unha especie de varanda entre a beirarrúa da estrada principal e os solares, porque hai bastante desnivel e necesitabamos sentirnos máis protexidos e puxéronnola. E tamén solicitamos limitar a velocidade de circulación. Tamén conseguimos a renovación das tubaxes da auga, que eran de hai máis de 50 anos e xa nolas están cambiando. Pero loitamos moitísimo, porque é moi fácil facer festas, pero loitar pola mellora das condicións é moi difícil.

Senten que é unha zona de Lugo menos coidada ca outras?

Si. Por poñerche un exemplo, en todas as rúas se poñen luces no Nadal, pero Paradai nunca ten unha, é unha rúa abandonada. E isto non ten maior importancia,

porque non é algo esencial, pero como isto, moitas cousas máis. Esta rúa é unha rúa con moita circulación e vai cobrar relevancia cando se inaugure a Intermodal, xa que conecta a Infanta Elena, principal vía de entrada a Lugo desde o Polígono do Ceao, coa estación Intermodal. Agardemos que iso permita que se poña en valor o barrio.

Que lles gustaría facer en Paradai se tivesen máis apoio?

Gustaríanos dinamizar a vida do barrio desde o propio barrio. Poder contar cun local social no que levar a cabo cursos, obradoiros, facer reunións... Non podo contar cun local fóra de Paradai porque entón a xente de aquí non viría. Poder ter un lugar para reunirse, facer obradoiros ou actividades dinamizaría a vida do barrio, sobre todo para apoiarnos e escoitarnos. Antes a xente saía cunha cadeira e os veciños falaban. Hoxe non se fai, pero se existise un local social poderíamos facer faladoiros e incluso propoñer actividades das afeccións que cada un teña.



Que necesidades ten Paradai?

Máis infraestruturas, porque aquí non hai ningunha, non entendo por que levan todo para un mesmo barrio. Iso fixo que pechasen locais comerciais, bares, cafeterías, que non haxa posibilidade de que haxa industria... Tamén que se manteñan os espazos limpos e que creen espazos verdes e parques, que non hai. En definitiva, é un barrio abandonado e esquecido polas administracións, sen sinalar un partido político, aínda que desde o Concello nos axudaron a conseguir avances no barrio, como a implantación dos semáforos, a mellora da canalización e

o saneamento da auga, así como a mellora das beirarrúas. Tamén nos parece necesario que poñan un paso peonil no número 3 de Alexandre Bóveda, onde hai un semáforo, porque do outro lado, onde si hai semáforo, hai moito desnivel e non podemos entrar con cadeira de rodas, que esa é outra materia pendente en Lugo: a accesibilidade.

Como ven o futuro?

De cara ao futuro, teño esperanza en que coa estación intermodal poida haber máis vida aquí e solicitamos que os políticos veñan máis veces ver o noso barrio e que non se espere ás eleccións.

A Escola Municipal de Música de Lugo reabrirá as súas portas

A Escola Municipal de Música de Lugo volverá poñerse en marcha durante o curso 2026-2027, recuperando a súa actividade despois de permanecer sen servizo nos dous últimos cursos académicos.

Segundo avanzou o Concello de Lugo, o prazo ordinario de matrícula abrírase entre o 1 e o 15 de setembro, mentres que as clases comezarán oficialmente o vindeiro 13 de outubro. Deste xeito, a cidade recuperará un servizo educativo e cultural que chegou a contar con máis de 300 persoas matriculadas.

As listaxes provisionais de persoas admitidas faranse públicas entre o 21 e o 24 de setembro, mentres que as definitivas se darán a coñecer entre o 28 de setembro e o 1 de outubro.

Ademais, a partir do 13 de outubro abrírase un período extraordinario de matrícula para aquelas materias nas que continúen

existindo prazas dispoñibles.

A reapertura da Escola tamén permitirá recuperar a actividade vinculada á Banda Municipal ao longo do curso con distintas iniciativas culturais e musicais. Entre as propostas previstas atópanse a celebración dun concerto con motivo de Santa Icí, patroa da música, un concerto de Nadal e a recuperación dos concertos didácticos.

Por outra banda, o Concello iniciou tamén o proceso de renovación da Xunta Directiva da Escola Municipal de Música. Tras a publicación das normas correspondentes nos taboleiros oficiais, abrírase un prazo para a presentación de candidaturas no Rexistro Xeral municipal. Posteriormente publicárase unha listaxe provisional, habilitándose un período para alegacións antes da proclamación definitiva.

O futuro centro de ALUME na antiga sede de Aspnaís, cada vez máis preto

O proxecto básico do futuro centro que a Asociación Lucense de Axuda a Enfermos Mentais habilitará na antiga sede de Aspnaís estará rematado a finais deste mes de xullo, un paso que permitirá continuar coa tramitación administrativa dunha infraestrutura destinada a reforzar a atención ás persoas con problemas de saúde mental na cidade.

Este foi un dos asuntos abordados durante a reunión de coordinación mantida pola alcaldesa de Lugo, Elena Candia, coa secretaria xeral de Política Social, María Francisca Gómez Santos, e co subdirector de ALUME, Santiago Aarón Argudo, para facer seguimento dun dos proxectos considerados prioritarios polo Goberno municipal.

Unha vez rematada esta fase, o seguinte paso será a solicitude da correspondente licenza urbanística, permitindo avanzar no desenvolvemento dun equipamento chamado a converterse nun dos principais recursos especializados da cidade no ámbito da saúde mental.



As futuras instalacións disporán de 25 prazas residenciais, unha vivenda, 40 prazas de centro de día e un CRPL (Centro de Rehabilitación Psicosocial e laboral) con capacidade para atender a 85 persoas, ampliando de maneira significativa a rede de recursos asistenciais e especializados dispoñibles en Lugo.

Durante o encontro tamén se confirmou a eliminación do muro exterior do recinto, unha actuación que busca mellorar a integración do complexo coa súa contorna, favorecer a accesibilidade e crear un espazo máis aberto.

Elena Candia destacou que este proxecto forma parte do compromiso do Goberno municipal de situar ás persoas no centro das políticas públicas e sinalou que permitirá reforzar os recursos asistenciais e sociosanitarios da cidade.

A alcaldesa tamén asegurou que o Concello continuará mantendo unha coordinación permanente coa Xunta de Galicia e coas entidades sociais implicadas para garantir o avance do proxecto conforme aos prazos establecidos e facilitar a súa posta en marcha no menor tempo posible.

A ANPA do CEIP Nadela reclama o inicio das obras de reforma

A ANPA do CEIP Nadela reclamou á Xunta de Galicia e á Consellería de Educación o inicio inmediato das obras de remodelación e adaptación previstas para o centro educativo, unha actuación que consideran necesaria para solucionar as múltiples carencias que presenta actualmente o colexio. Segundo explica a asociación de nais e pais, o CEIP Nadela arrastra diversas deficiencias estruturais derivadas, en parte, da antigüidade das súas instalacións, ao tratarse dun dos centros escolares máis veteranos do municipio de Lugo.

Entre os principais problemas sinalados pola comunidade educativa destaca a situación do comedor escolar, cuxas dimensións actuais impiden ampliar o servizo para dar resposta á demanda existente entre as familias. Segundo indican, a falta de espazo converte esta instalación nun lugar saturado que tampouco reúne as condicións adecuadas desde o punto de vista acústico.

Neste sentido, denuncian que o alumnado debe soportar niveis de ruído superiores aos recomendados polas autoridades sanitarias, unha circunstancia que afecta ao benestar e ás condicións do servizo. As familias tamén consideran prioritaria unha intervención que permita facer accesibles todos os espazos do centro educativo co obxectivo de garantir unha educación en igualdade de oportunidades para todo o alumnado.

Ademais, a carencia de espazos adaptados limita a posibilidade de desenvolver desdobres, novas iniciativas educativas ou actividades complementarias que permitan mellorar a oferta formativa do centro.

Desde a ANPA lembran que a comunidade educativa, especialmente nais e pais do alumnado, leva anos agardando pola execución destas obras. Segundo explican, desde a administración



autonómica trasladóuselles en repetidas ocasións que os traballos se acometerían a curto prazo, pero unha vez finalizado o curso 2025-2026 e ás portas do período estival, as actuacións aínda non foron licitadas nin existen indicios dunha próxima execución. Debido á envergadura da intervención prevista, que cualifican como unha reforma substancial e practicamente integral das instalacións, consideran imprescindible aproveitar os períodos non lectivos para levar a cabo os traballos e minimizar así as posibles molestias e alteracións no funcionamento habitual do centro. Por todo isto, a ANPA insta á Xunta de Galicia a iniciar de forma inmediata as actuacións comprometidas, co obxectivo de mellorar as instalacións do centro e garantir unha educación pública de calidade para o alumnado.

APOIO DO BNG. O BNG trasladou o seu apoio ás demandas da ANPA do CEIP Nadela, que reclama á Consellería de Educación da Xunta de Galicia o comezo urxente das obras de remodelación e adecuación do centro escolar. A edil do BNG Maite Ferreiro, afirmou que este centro “é un dos máis antigos de Lugo, e presenta unha serie de eivas estruturais que están a afectar directamente á calidade do ensino e ás condicións do alumnado”. Entre estas

deficiencias destaca a “incapacidade do comedor escolar para dar servizo a todo o alumnado solicitante, debido ás súas reducidas dimensións, ou a falta de accesibilidade en diversos espazos do centro, o que impide garantir unha educación en igualdade de oportunidades para todo o alumnado”. A isto, di, súmase a carencia de espazos adecuados, que dificulta a realización de desdobres e a posta en marcha de novos proxectos educativos.

O BNG lembra que a comunidade educativa leva anos agardando por unha reforma integral que foi prometida reiteradamente polo Partido Popular, sen que ata o momento se teñan producido avances reais. Finalizado o curso 2025-2026 e ás portas do verán, as obras seguen sen estar licitadas, o que evidencia, “a falta de compromiso da Xunta de Galicia co ensino público”, dixo Ferreiro. O BNG considera fundamental que se aproveiten os períodos non lectivos para acometer unha intervención integral como a que demanda a ANPA, co fin de minimizar as molestias e garantir o normal desenvolvemento da actividade educativa.

Así, os nacionalistas instan á Xunta de Galicia a “a planificar as obras no CEIP Nadela, garantindo así unhas instalacións dignas e unha educación pública de calidade para o alumnado”.

O Goberno Local de Lugo licita a programación dos centros de convivencia



A Xunta de Goberno Local aprobou a licitación do contrato da programación dos centros de convivencia, poñendo fin a unha situación na que o servizo viña prestándose cun contrato caducado desde había máis de dous anos. O novo contrato prevé un investimento total de 2.724.849,92 euros, o que permitirá ampliar os recursos destinados á programación sociocultural e consolidar unha oferta estable de actividades nos centros de convivencia da Milagrosa, Fingoi, Leiras Pulpeiro, Sagrado Corazón, Uxío Novoneira, Maruja Mallo, María Balteira e Abella, así como no Centro Interxeracional Paco Martín.

A nova contratación contempla un volume de 28.668 horas anuais de actividade, das que 16.056 horas estarán destinadas á dinamización diaria dos centros de convivencia, 10.870 horas corresponderán a obradoiros, aulas abertas para menores e outras actividades socioculturais, e 1.742 horas dedicaranse á coordinación do servizo. Ademais, inclúe a organización de 10 saídas culturais ao ano.

A programación desenvolverase ao longo de todo o ano e incluírá actividades culturais, educativas, de promoción da saúde, envellecemento activo, intercambio interxeracional, conciliación fa-

miliar, dinamización dos barrios, aulas abertas para menores, xogos, bailes, lectura, saídas culturais e actividades de sensibilización e participación comunitaria. O servizo está dirixido ao conxunto da poboación, aínda que presta especial atención ás persoas maiores, ás persoas con capacidades diferentes, ás familias, á infancia e aos colectivos en situación de maior vulnerabilidade, convertendo os centros de convivencia en espazos de encontro, participación e cohesión social. Este contrato supón pasar dun investimento anual de 278.579 euros repartido en dous contratos separados a unha licitación única de 576.410 euros anuais, ademais de incrementar en máis de 10.000 horas anuais a actividade nos centros.

EXPOSICIÓNS. Tamén se deu o visto bo ao convenio entre o Concello de Lugo e a Fundación Cidade da Cultura de Galicia, que permitirá achegar exposicións itinerantes. A primeira delas, titulada «¿Botamos un baile?», poderá visitarse na Praza Maior entre o 13 de xullo e o 30 de agosto e propón un percorrido por máis dun século de historia das orquestras de verbena en Galicia, poñendo en valor a súa evolución e o seu papel na memoria cultural colectiva.

UNIVERSIDAD Grado en:			PAU (Antigua selectividad) BAC - E.S.O. ACCESO CICLOS	j.m.rivas ACADEMIA
ROBÓTICA Matemáticas I, II y III Estadística Física I y II	ENX. AGRÍCOLA ENX. FORESTAL Matemáticas I, II y III Estadística Física I y II	ENXEÑARÍA CIVIL Matemáticas I, II y III Estadística Física I y II	Matemáticas - Física Química - Lengua - Gallego Inglés - Latín - Griego Historia - Filosofía Biología - Geología Geografía Historia del Arte	ALTO PORCENTAJE DE APROBADOS ATENCIÓN PERSONALIZADA GRUPOS REDUCIDOS Preparación específica para subir nota en ABAU
BIOQUÍMICA Matemáticas Física Química general e inorgánica Química - Física I Bioestadística	ENX. PROCESOS QUÍMICOS IND. Matemáticas I y II Física I y II Métodos Estadísticos	PROFESORADO ESPECIALIZADO PARA CADA MATERIA		
C/ Dr. Fleming, 8 - Tel.: 982 81 56 22			jmrivas.es	

“Na India, non teñen o máis elemental, por iso poñemos o noso gran de area”

Teresa Vila, presidenta da ONG Escuela Shantidi, destaca o traballo levado a cabo nestes 10 anos de labor solidaria na India, así como de visibilización e proxección social en Lugo

Jessica Fernández

A ONG Escuela Shantidi leva unha década de traballo solidario impulsada pola traxectoria da súa presidenta, Teresa Vila, unha voluntaria que acumula máis de 30 anos de experiencia en cooperación internacional e dúas décadas de vinculación directa coa India. A organización naceu, segundo relata ela mesma, dun punto de inflexión vital e ético. “Chega un momento no que ou marchas de alí para non volver ou das un paso adiante para crear un proxecto via-

“As viaxes cuxo obxectivo é o voluntariado, realmente axúdante a ti mesmo, porque a satisfacción que tes é indescribible. Unha persoa que fai unha viaxe cun fin solidario xa non volve viaxar de forma turística como antes, porque non a enche, non lle achega: isto é moito máis satisfactorio”.
O traballo da ONG non se limita a unha única forma de intervención, senón que se adapta a distintos contextos e niveis de implicación. Desde experiencias máis abertas, que com-

que cada persoa está máis ou menos preparada segundo que experiencia solidaria, polo que un pode ir axudar e, de paso, coñecer de forma turística a India, e outros poden ir só axudar, segundo o grao de compromiso que queiran adquirir.
O OBXECTIVO. No corazón do proxecto latexa unha idea que a presidenta repite como principio reitor: a autonomía. “O noso obxectivo fundamental é axudarlles a ser independentes. É dicir, non lle dás un peixe, dálle a cana para que o consigan”, afirma, sintetizando unha filosofía

mén amosa unha mirada crítica cara ao contraste entre realidades: “Alí, as persoas son números, mentres que aquí cada vida importa. Aquí temos de todo e ben, e aínda así queixámonos; e, alí, con pouco que fagas, a xente é superagradecida”.
O traballo sobre o terreo inclúe desde atención sanitaria con profesionais voluntarios ata iniciativas de educación, infraestrutura básica ou programas de empoderamento. Entre eles, destacan a construción de aseos, especialmente para ne-

ración externa de amigos e empresas e unha axuda pública. “Somos todos voluntarios, ninguén ten un soldo aquí”, subliña Vila, que explica como a ONG se mantén grazas a eventos solidarios, doazóns en especie, mercadiños e o apoio de institucións como a Xunta de Galicia, sendo a ONG unha das cinco organizacións non gobernamentais máis valoradas de Galicia a nivel de voluntariado. Nese ecosistema tamén se inclúen actividades como a coñecida festa solidaria anual, que este ano se celebra por primeira vez no Club Fluvial o 11 de setembro “e cremos que será a mellor ata agora, xa que nos consta que hai moitos socios interesados en participar”.
Ademais, a organización desenvolve actividades de sensibilización en Galicia, especialmente en centros educativos, onde comparten experiencias e material fotográfico. Ese contido formará parte dunha expo-



ble, e así o fixen. Fundamos a ONG cun grupo de amigos de toda a vida de Lugo”.
Co paso do tempo, aquel núcleo inicial ampliouse con voluntarios procedentes de distintos puntos de España, desde Galicia ata Madrid ou Tenerife, nunha rede que medra tanto polo boca a boca como polo impacto das experiencias compartidas. Vila resume ese efecto cunha convicción que se repite entre quen viviron estas expedicións solidarias:

binan axuda e coñecemento da contorna, ata proxectos máis profundos en zonas rurais, a organización entende a cooperación como un proceso que transforma tamén a quen a realiza. “O primeiro ano que estiven na India cunha asociación internacional estivemos no medio do deserto”, explica Vila ao lembrar as súas primeiras experiencias, subliñando como o contacto directo coa realidade condiciona a forma de implicarse posteriormente. Pero puntualiza

““O noso obxectivo fundamental é axudarlles a ser independentes. É dicir, non lle dás un peixe, dálle a cana para que o consigan””

de cooperación que prioriza a formación e o desenvolvemento de capacidades fronte á asistencia puntual. As diferenzas estruturais entre contextos son abismais, e Vila non evita describilas con crueza. “Alí hai tanta necesidade de cousas tan elementais para nós... Eles non teñen o máis mínimo. Non teñen acceso a un médico en toda a súa vida”, explica. Nese escenario, cada intervención percíbese como unha suma mínima pero necesaria: “Somos miles de ONG e non chegan... é un gran de area, pero fai tanta falta...”. Así, ta-



nas, unha medida clave para evitar o abandono escolar e reducir matrimonios temperáns, así como proxectos educativos, hortas ecolóxicas, unha por familia, que permitiron que puidesen sobrevivir durante a pandemia; e obradoiros, que, ademais, se integran nunha cadea de autosostibilidade: o que producen pode venderse posteriormente en mercadiños solidarios.
O financiamento do proxecto sostense sobre o voluntariado, a colabo-

sición prevista en outubro na Capela de Santa María de Lugo, onde se mostrarán proxectos como as hortas ecolóxicas ou os obradoiros desenvolvidos na India.
Mirando cara ao futuro, a presidenta asegura que: “Con respecto ao futuro, a nosa finalidade é seguir o camiño feito ata agora”. Unha frase que, máis que un peche, funciona como continuidade dun compromiso que non entende de finais, senón de permanencias.

Iniciado o proceso para nomear a Fernando Ónega Fillo Adoptivo de Lugo

O Concello de Lugo puxo en marcha o expediente para conceder, a título póstumo, o nomeamento de Fernando Ónega como Fillo Adoptivo da cidade, iniciando así os trámites para outorgarlle unha das máximas distincións honoríficas do municipio. A decisión responde á iniciativa promovida polo lucense Julio Méndez, quen impulsou unha campaña de adhesións coa finalidade de solicitar este recoñecemento institucional ao prestixioso xornalista. A pro-

posta obtivo un amplo respaldo social e contou co apoio de numerosos colectivos e entidades. Unha vez completado o proceso administrativo, a proposta será levada ao pleno.
Antes do inicio oficial do expediente, a alcaldesa de Lugo, Elena Candia, informou a Julio Méndez sobre o comezo da tramitación e trasladou a proposta aos voceiros do PSOE e do BNG durante a Xunta de Portavoces, solicitando o apoio de todas as formacións po-

líticas para lograr o maior consenso institucional posible arredor desta distinción.
A rexedora tamén mantivo contactos coa familia de Fernando Ónega, coa que se acordou que, unha vez aprobado o recoñecemento, o acto institucional de entrega do título teña lugar o vindeiro 7 de agosto ás 18.00 horas. Na xornada está prevista a asistencia dos familiares do xornalista, entre eles a tamén xornalista e escritora Sonsoles Ónega.



Fernando Ónega, natural de Mosteiro, en Pol, desenvolveu unha das traxectorias máis destacadas do xornalismo español, converténdose nun referente no ámbito da comunicación política e da análise da actualidade ao longo

de máis de cinco décadas. Durante a súa carreira mantivo unha estreita relación con Galicia e, especialmente, coa súa terra natal e coa cidade de Lugo, contribuíndo a proxectar estes territorios máis aló do ámbito galego.

Inician a campaña de rozas no rural tralas críticas da veciñanza

O Concello de Lugo formalizou o contrato para a execución dos traballos de roza nas pistas municipais do rural cun investimento de 203.280 euros, permitindo iniciar os labores de limpeza e mantemento da rede viaria das parroquias do municipio. O servizo estruturouse en catro lotes para facilitar unha intervención máis áxil e eficaz no territorio.

Os traballos consistirán na limpeza mecánica das marxes dos camiños municipais mediante maquinaria especializada para a eliminación da vexetación, complementándose con actuacións manuais nos espazos de difícil acceso. Desde o Goberno local destacaron a rapidez na tramitación do expediente, iniciado coa apertura de ofertas o pasado mes de maio e formalizado definitivamente o 1 de xullo.

A formalización deste contrato prodúcese nun contexto marcado polas críticas ao estado de mantemento de distintos espazos do rural lucense. O PSOE reclamou actuacións urxentes nas áreas recreativas das parroquias ao denunciar un importante estado de abandono en diferentes espazos públicos du-



rante a época estival. A formación socialista advertiu da presenza de maleza en áreas recreativas como as de Félix Arijá, no Veral, Meilán ou Esperante, unha situación que, segundo sinalou, dificulta o uso habitual destas instalacións e tamén afecta aos parques infantís.

Tamén a Federación de Asociacións de Veciños de Lugo Lucus Augusti denunciara previamente o estado de abandono que, segundo asegurou, presentan numerosas parroquias do municipio debido á falta de labores de desbroce nas pistas de titularidade municipal. A entidade realizou un estudo detallado en distintos puntos do rural co obxectivo

de avaliar a situación das vías e o nivel de execución dos traballos previstos para a época estival. Desde o grupo socialista e desde o ámbito veciñal puxeron o foco nos posibles problemas de seguridade derivados da acumulación de vexetación, tanto pola dificultade para o uso de áreas públicas como polos riscos asociados á circulación nos camiños municipais e á presenza de maleza seca en espazos equipados con barbacostas. Ademais, cuestionaron o atraso no inicio da campaña anual de rozas ao considerar que este tipo de actuacións deberían planificarse con maior antelación.

Aprobado o proxecto para levar a cabo unha senda en Ombreiro

A Xunta de Galicia deu luz verde ao proxecto para a construción dunha nova senda na estrada autonómica LU-234 ao seu paso pola parroquia de San Martiño de Ombreiro, no concello de Lugo. A actuación contará cun investimento estimado de 869.819,36 euros e ten como finalidade mellorar a seguridade e fomentar a mobilidade sostible mediante a creación dun novo percorrido de uso compartido para peóns e ciclistas.

O itinerario previsto terá unha lonxitude superior aos 1,2 quilómetros e desenvolverase en paralelo á marxe esquerda da vía autonómica, conectando os núcleos da Ponte e Riazón. O proxecto busca completar un percorrido seguro entre ambas localidades e ofrecer unha alternativa máis cómoda para os desprazamentos diarios.

A aprobación definitiva do proxecto por parte do Executivo autonómico implica tamén a declaración de utilidade pública da actuación. Tras este paso administrativo continuará a tramitación do proxecto construtivo que permitirá iniciar a execución das obras, para as que se establece un prazo de realización de 12 meses.

A intervención contempla a creación dunha senda cun ancho de 2,5 metros, incluíndo un bordo estético, ademais dunha beiravía de medio metro. O trazado manterá a mesma liña da estrada actual e elevarase con carácter xeral 10 centímetros sobre a beiravía, aínda que nos accesos e interseccións adaptará a súa altura para facilitar a circu-

lación e mellorar a accesibilidade.

O proxecto inclúe tamén a adaptación da parada de autobús situada no punto quilométrico 4+490, coa finalidade de mellorar as condicións de acceso para as persoas usuarias. A actuación manterá o refuxio existente, aínda que será desprazado para crear unha zona de paso máis ampla e facilitar tamén os labores de mantemento e limpeza.

No conxunto do itinerario empregárase pavimento de formigón coloreado en ton terra, mentres que nos accesos ás parcelas e nos cruzamentos con camiños municipais reforzase a estrutura mediante un maior espesor e a utilización de malla electrosoldada de aceiro. Ademais, instalarase pavimento podotáctil nos cruzamentos e na zona da parada de autobús para mellorar a accesibilidade.

Para evitar futuras afeccións por actuacións sobre redes de servizos, o proxecto incorpora canalizacións destinadas ás infraestruturas de telecomunicacións e á rede eléctrica. Durante a execución das obras tamén será necesario trasladar ou retirar varios postes da iluminación pública e realizar adaptacións en diferentes pozos e arquetas.

Esta actuación será financiada con fondos Feder 2021-2027 e forma parte das medidas impulsadas pola Xunta para incrementar a seguridade dos usuarios máis vulnerables das vías, especialmente peóns e ciclistas, promovendo desprazamentos máis cómodos, seguros e saudables.

O cinema ao aire libre chegará este verán ás parroquias de Lugo

As rúas, prazas e espazos públicos de Lugo converteranse este verán en escenarios para o cinema ao aire libre coa posta en marcha de 'Cine na Rúa', un novo ciclo de sete proxeccións gratuítas pensado para achegar a cultura a diferentes barrios e parroquias do municipio cunha programación gratuíta e destinada a todos os públicos.

A proposta incorpora como principal novidade unha clara aposta pola descentralización da oferta cultural, xa que catro das sete sesións previstas celebraranse no rural. As proxeccións chegarán ás parroquias de Orbazai, Benade, San Xoán do Campo e Nadela, levando esta actividade a diferentes puntos do municipio.

O Concello de Lugo, a través da área de Cultura e Educación, impulsa esta iniciativa coa intención de crear espazos de encontro para desfrutar da cultura durante as noites de verán e facilitar o acceso á programación cultural máis alá do centro urbano.

O ciclo desenvolverase entre os

meses de xullo e setembro. A programación arrancou o 4 de xullo en Orbazai coa proxección de 'El Caso-plón'. O sábado 18 será a quenda

de Benade con 'Antes de nós' e o mércores 29 de xullo o Parque da Milagrosa acollerá 'Wolfgang, Extraordinario'.



**CENTRO ÓPTICO
AUDITIVO
DE LA TORRE**

**AUDÍFONOS DE ÚLTIMA TECNOLOGÍA:
UNA NUEVA FORMA DE OÍR**

PIDE TU CITA: 982 228 457
info@opticadelatorre.com
Calle Quiroga Ballesteros, 1



Pilates en grupos reducidos • Pilates preparto • Pilates postparto
Abdominales hipopresivos • Yoga

Calle Perpétuo Socorro 10-12, bajo. 27003 Lugo
Telf: 699 519 141 / erikapilates@hotmail.es
www.erikapilates.es

O Muralleando cambia de localización e contará cunha gran programación



O Concello de Lugo celebrará unha nova edición do ciclo musical Muralleando, unha iniciativa que este ano trasladará a súa programación á Praza Maior e á Praza de Santa María. Os concertos desenvolveranse todos os venres e sábados ata a primeira fin de semana de setembro.

A proposta busca achegar a actividade cultural á cidadanía, contribuír á dinamización do centro histórico durante os meses estivais e ofrecer unha programación musical ampla, gratuíta e orientada a públicos de diferentes idades e intereses.

Para configurar esta edición, o Servizo de Cultura impulsou unha convocatoria pública na que participaron un total de 53 propostas de grupos e artistas. Esta elevada participación, segundo sinalan desde a organización, reflicte o dinamismo da escena musical lucense e a consolidación do interese

se que esperta este programa.

A selección realizouse tendo en conta criterios relacionados co interese cultural, a diversidade artística, a presenza da música local e a adaptación ao formato do ciclo. O obxectivo foi conformar unha programación equilibrada e diversa que permitise incorporar propostas de estilos moi distintos.

Deste xeito, ao longo do verán pasarán polos escenarios do ciclo formacións de música tradicional, *folk*, músicas atlánticas, música clásica, *blues*, *jazz*, *pop*, *rock*, *indie*, *metal*, música urbana, *rap*, sesións de DJs e outras propostas de fusión musical. A programación combinará tanto grupos consolidados como proxectos emerxentes.

As actuacións celebraranse todos os venres e sábados ás 20.30 horas, cunha duración mínima dunha hora e con acceso totalmente gratuíto para o público.

O BNG acusa ao PP de paralizar a programación cultural municipal

O portavoz do BNG en Lugo, Rubén Arroxo, acusou ao Partido Popular de provocar unha 'parálise total' na programación cultural municipal desde a súa chegada ao goberno tras a moción de censura.

Arroxo asegurou que é a primeira vez en moito tempo que o portal municipal de entradas non recolle ningún evento programado para os vindeiros días, unha situación que cualificou de inédita nunha cidade que, segundo defendeu, viña mantendo unha oferta cultural constante e diversa.

O voceiro nacionalista contrapuxo esta situación co modelo desenvolvido polo BNG cando estaba á fronte da área de Cultura, basea-

do nunha programación estable durante todo o ano, con grandes eventos e actividades de proximidade dirixidas a todos os públicos. Segundo Arroxo, nos últimos anos Lugo chegou a rexistrar unha media de dúas actividades culturais diarias, o que supuxo unha aposta polo tecido cultural local e pola dinamización dos barrios.

O BNG advertiu tamén das consecuencias desta falta de programación, tanto para os profesionais do sector como para a vida social da cidade. Arroxo incidiu en que a cultura tamén é un motor económico e reclamou recuperar unha política cultural activa no municipio.

O Vello Cárcere, posible Lugar de Memoria Democrática en Lugo

O Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática iniciou o procedemento para declarar o Vello Cárcere provincial de Lugo como Lugar de Memoria Democrática, nun recoñecemento ao seu valor histórico, simbólico e memorial como un dos principais espazos de represión franquista en Galicia durante a Guerra de España e a posguerra.

O anuncio realizouse durante unha visita á cidade do secretario de Estado de Memoria Democrática, Fernando Martínez, quen estivo acompañado polo delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco, a subdelegada do Goberno en Lugo, Olimpia Rodríguez, o deputado provincial Miguel Fernández e representantes de asociacións memorialistas.

O inmovible, inaugurado en 1887 e hoxe reconvertido no centro cultural "O Vello Cárcere", foi escenario do encarceramento de centos de persoas represaliadas tras o golpe militar de xullo de 1936, entre elas cargos públicos, representantes políticos, sindicalistas e cidadáns perseguidos polas súas ideas.

O secretario de Estado destacou as duras condicións de hacinamento que sufriron os reclusos



e o papel do cárcere dentro do sistema represivo da ditadura franquista. Tamén puxo o foco na memoria das mulleres presas por motivos políticos, entre elas Consuelo Alonso González, coñecida como "A Comunista", a única muller executada oficialmente na provincia de Lugo.

Así mesmo, recóllese o uso de man de obra forzada por parte dos presos en obras públicas da cidade no marco do sistema de redención de penas polo traballo imposto pola ditadura.

Coa incoación, o edificio queda inscrito de forma provisional no inventario de Lugares de Memoria Democrática e pasa a contar coa protección prevista na lei estatal. O proceso enmárcase na política de reparación, verdade e garantías de non repetición impulsada polo Goberno central.

A futura declaración sumará este espazo a outros enclaves xa en trámite en Galicia, como o penal das illas de San Simón e San Antón, a cidade de Ferrol e o Pazo de Meirás.

Acisclo Manzano presenta a súa exposición 'Miradas' no Museo

O Museo Provincial de Lugo inaugurou a exposición Miradas, a primeira mostra monográfica do escultor Acisclo Manzano na institución, nun acto celebrado no Refectorio do museo que contou coa presenza do propio artista. A proposta artística rende homenaxe á Virxe dos Ollos Grandes, patroa da cidade, a través dunha interpretación persoal que establece un diálogo entre tradición, espiritualidade e creación contemporánea.

A exposición reúne un total de 28 obras inéditas creadas especificamente para este espazo ao longo deste ano. Entre elas atópanse 19 esculturas realizadas en barro refractario inspiradas na Virxe dos Ollos Grandes, ademais de nove debuxos e bosqueños que permiten achegarse ao proceso creativo do escultor.

Acisclo Manzano está considerado unha das figuras máis destacadas da arte contemporánea galega e española, cunha traxectoria marcada pola forza expresiva, a sim-



boloxía e a procura da dimensión humana a través das súas creacións. A súa obra consolidou un estilo propio no que a materia e a capacidade emocional das pezas adquiren un papel protagonista. A mostra forma parte da programación cultural impulsada pola Deputación de Lugo a través da Rede Museística Provincial co obxectivo de promover novas propostas expositivas e poñer en valor a creación artística. A ex-

posición poderá visitarse no Refectorio do Museo Provincial de Lugo ata o 30 de agosto de 2026. A través desta proposta, as persoas visitantes terán a oportunidade de achegarse non só ao resultado final das creacións, senón tamén ao universo creativo do artista, coñecendo máis de preto o proceso de elaboración e a evolución dunha obra que conecta a tradición lucense cunha mirada artística contemporánea.

O BNG reclama continuidade no paso das palabras da rúa Menorca

O BNG de Lugo pide ao goberno municipal que dea continuidade ao Paseo das Palabras do Ano situado na rúa Menorca, unha iniciativa de carácter cultural e simbólico que foi abandonada tras o cambio de executivo local. A concelleira do BNG, Maite Ferreiro, criticou que o actual goberno do PP non teña dado continuidade a este proxecto, que cada ano incorporaba a palabra escollida polas galegas e galegos dentro da iniciativa posta en marcha pola Real Academia Galega e a Fundación Barrié. Neste sentido, lembrou que a palabra escollida para o ano 2025 foi “Xenocidio”, unha elección que, segundo sinalou, “o PP quere invisibilizar”.

O Paseo das Palabras do Ano, na rúa Menorca, “converteu a rúa Menorca nun atractivo turístico que pon en valor a lingua galega”, afirmou Maite Ferreiro, que vinculou a paralización desta iniciativa coa pos-



tura política do goberno local respecto ao xenocidio do pobo palestino. Segundo afirmou, o PP desenvolve unha “política de invisibilización do xenocidio de Palestina” que comezou a materializarse “o primeiro momento da chegada do PP ao goberno municipal cando retiraron a bandeira de Palestina do Vello Cárcere”.

Segundo Maite Ferreiro, este foi “o primeiro paso” dun “re-

troceso” no compromiso institucional coa defensa dos dereitos humanos.

A edil do BNG lembrou ademais que a colocación da bandeira se fixo “por acordo de Pleno, nunha decisión na que ningún partido votou en contra”. Ferreiro lembrou que “o PP non levaba nin 5 horas na alcaldía de Lugo e a primeira medida foi arrincar un símbolo solidario e pola paz”.

A proba do carbono 14 serve para resolver a data de 27 bens

A Xunta acaba de conseguir precisar a data de 27 bens patrimoniais de Galicia, que abrangerían desde o Neolítico ata a Idade Media, grazas ao uso da proba de carbono 14 sobre restos botánicos. Así o deu a coñecer hoxe o director xeral de Patrimonio Cultural, Ángel Miramontes, quen explicou os “importantes achados deste proxecto pioneiro” encargado pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude ao Instituto de Ciencias do Patrimonio, do Consello Superior de Investigacións Científicas.

Na presentación, Miramontes explicou que a investigación está baseada na selección minuciosa de mostras arqueobotánicas de vida curta como son, entre outras, as sementes de cereal. Deste xeito, segundo concretou, “asegúrase un altísimo marxe de precisión temporal”. Así, apuntou que a aplicación sistemática do carbono 14 sobre estes restos botánicos “permite afinar a cronoloxía con gran detalle e, consecuentemente, revelacións con exactitude”.

Deste xeito, o responsable de Patrimonio da Xunta salientou algún dos achados máis relevantes da investigación, entre os que enxalzou o descubrimento de que no Castro de Casilla, en Lugo, se atopa a casa

comunal alongada, coñecida como longhouse, “máis antiga do noroeste peninsular”.

Ao respecto, Miramontes aclarou que a datación foi posible coa aplicación de radiocarbono que proporcionou un claro intervalo enmarcado no bronce inicial, adiantando significativamente outros rexistros coñecidos, entre os que citou o de

Setepías, no municipio pontevedrés de Cambados.

Para o representante da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, o éxito deste programa confirma “o acerto” da colaboración institucional, así como a “necesidade de implementar protocolos de recollida sistemática e exhaustiva das mostras con este correcto procesado”.

A exposición ‘A persistencia dos restos’, de Blas Lamela e Paul Mena, no Vello Cárcere



O Bloque de Mulleres do Vello Cárcere, na primeira planta, acolle a exposición temporal ‘A persistencia dos restos’, unha proposta artística de Blas Lamela e Paul Mena que poderá visitarse ata o 30 de xullo de 2026.

A mostra está conformada por sete esculturas monumentais de ferro, construídas a partir de materiais de refugallo como palieres, tubos de escape, capós, manómetros, engrenaxes, latas, parafusos, cerámica fragmentada e compoñentes electrónicos, entre outros elementos. Cada unha das pezas, de entre 2,5 e 3,3 metros de altura, preséntase como unha estrutura vertical que funciona como un arquivo da memoria material do mundo rural galego, a partir de obxectos descartados procedentes de aldeas como Prado, Sanxurxo, Outeiro e Ernes, que atopan agora unha nova existencia como obra de arte.

As obras dialogan coa tradición da arte povera e do assemblage, mais enraízanse nun contexto moi con-

creto: a Galicia rural, non idealizada, senón entendida como escenario dunha modernización rápida e brusca, marcada pola presenza de maquinaria, ferramentas, tractores en desuso e espazos industriais e agrícolas en transformación.

O artista Blas Lamela describe o seu traballo como unha recuperación da memoria dos materiais. Segundo explica, cada peza conserva unha historia previa e unha “alma” propia, ao proceder de lugares concretos como Prado, Sanxurxo, Outeiro e Ernes.

Desde o ano 2020, desenvolve estas creacións como unha forma de dar nova vida ao que foi descartado, ao tempo que comparte co público unha mirada de recuperación e re-interpretación do pasado.

A exposición propón tamén unha reflexión sobre a transformación da paisaxe rural e sobre a capacidade da arte para resignificar elementos cotiáns e materiais en desuso, converténdolos en novas formas de expresión e memoria colectiva.

castroverde
XULLO2026
Festas do Santiago Apóstolo

23 XOVES
Día da Orientación
19:30 - Orientabirring
23:00 - D'Cano e París de Noia

24 VENRES
Día Grande
14:00 - Los Adrianos
20:00 - Mekanika Rolling Band
23:30 - Capitol e La Fórmula

25 SÁBADO
Día do Patrón
12:00 - Batucada Tambukda
13:00 - Misa e procesión
14:30 - Acordes
19:30 - Fuego Street Band
23:30 - Acordes e Origen
00:00 - Fogos artificiais

26 DOMINGO
Día da Foliada
12:00 - Asubios da Chaira
13:00 - Misa
13:15 - Cantos de Taberna
Trasdalomba - Toxo Queimado
Airiños do Neira - Os Xilgaros de Lugo
16:30 - Xogos infantís
19:30 - Cé Orquestra Pantasma
20:30 - Punk'on Keixo
21:30 - De Ninghures

Albañilería • Pladur • Pintura • Fontanería
Restauracións • Acondicionamentos
Mantenimentos • Colocación Tarima Flotante

obrasyreformasjato@gmail.com
641 082 106



O fenómeno astronómico do século

O mércores 12 de agosto de 2026 terá lugar unha eclipse total de Sol na península Ibérica, un fenómeno histórico de gran relevancia científica e social que atraerá milleiros de persoas e converterá o ceo nun gran espectáculo natural

O serán do mércores 12 de agosto de 2026 quedará gravado na historia da astronomía e tamén na memoria colectiva da cidadanía. Ese día terá lugar a primeira eclipse total de Sol visible desde a península Ibérica en máis de cen anos, un acontecemento extraordinario que non se repetirá ata ben entrado o século XXI. Fontes da Comisión Nacional da Eclipse explicaron que “este evento é excepcional pola súa localización, duración e condicións de observación; España sitúase nun tramo privilexiado da franxa de totalidade, coincidindo coa posta de sol”. A franxa de totalidade cruzará España de oeste a leste, atravesando numerosas capitais de provincia como A Coruña, Oviedo, León, Bilbao, Zaragoza, Valencia ou Palma. Tal como salientou un astrónomo consultado, “o fenómeno ocorrerá cando o Sol estea moi próximo ao horizonte, o que obriga aos observadores a escoller puntos de observación sen obstáculos cara ao oeste”. Os meteorólogos indican que, ao producirse en pleno verán, “as probabilidades de ceos despegados son elevadas en boa parte do país”, un factor que xoga a favor de todas as persoas interesadas en contemplar a eclipse de forma segura. “En comparación con Islandia, onde as nubes reducen practicamente a cero as opcións de observación, España será practicamente o único lugar en terra firme con posibilidades reais de ver o fenómeno en boas condicións”, asegurou un portavoz do Servizo Meteorolóxico Nacional.

GALICIA

Galicia terá un papel destacado neste fenómeno astronómico. A franxa de visibilidade abarca unha ampla zona comprendida entre Estaca de Bares e a comarca ourensá de Valdeorras, atravesando 143 concellos, o que supón o 45,6 % do territorio galego. Segundo o Instituto Xeográfico Nacional, “na Coruña e en Lugo a eclipse será total, mentres que en Ourense e Pontevedra poderá verse de forma parcial, coa máxima cobertura solar dependendo da localización exacta”. As horas previstas para a totalidade son precisas. Na Coruña, a eclipse total comezará ás 20.27.37 horas e rematará ás 20.28.51. En Lugo, a totalidade producirase entre as 20.28.02 e as 20.29.25 horas. En Ourense,



onde o fenómeno será parcial, o máximo terá lugar arredor das 20.29.54, mentres que en Pontevedra situarase sobre as 20.29.50 horas. O primeiro punto de Galicia onde se poderá observar a eclipse completa será o Cabo de Estaca de Bares, no municipio de Mañón. Pola contra, o último lugar do territorio galego será A Veiga, na fronteira con Porto. “A dura-

ción da fase de totalidade é moi breve, pero intensa; na Mariña de Lugo oscilará entre nove segundos e un minuto e corenta e nove segundos, o que requirirá unha observación atenta e segura”, indicou un técnico da Comisión Nacional de Astronomía.

HISTORIA

A eclipse do 12 de agosto de 2026



será a primeira eclipse total visible desde España desde 1912. Este fenómeno abrirá a chamada “triada de eclipses ibéricas”, xa que o 2 de agosto de 2027 haberá outra eclipse total e o 26 de xaneiro de 2028 unha eclipse anular. “A importancia deste trío de eclipses é enorme; cada un deles ofrece oportunidades únicas para a investigación científica e a educación cidadá”, sinalou o director

da Comisión Nacional da Eclipse. A cidadanía mostrou gran expectación. Un veciño de A Mariña comentou: “Nunca pensamos que poderíamos ver unha eclipse total desde a nosa vila, é algo que contaremos aos nosos netos”. Outro engadiu: “Ver como a luz do Sol desaparece detrás da Lúa, aínda que sexa por un minuto, cambia a perspectiva de calquera sobre o cosmos”. Os organismos científicos sinalaron que, aínda que cada ano prodúcese polo menos dúas eclipses solares en diferentes puntos do planeta, “poder observalos sen saír do propio país é algo extraordinario”. Por iso, a Comisión Nacional de Astronomía puxo en marcha plans de coordinación e divulgación para garantir información rigorosa e recomendacións de seguridade para toda a cidadanía.

TURISMO

Para aqueles que buscan unha experiencia única e para o turismo científico que xa comeza a moverse, hai varios lugares con vantaxe competitiva. Os destinos Starlight, territorios certificados internacionalmente pola calidade do seu ceo nocturno e baixa contaminación lumínica, serán especialmen-

SEGURIDADE

A **observación directa do Sol** entraña **riscos serios** para a vista. Un especialista en óptica explicou que “a radiación que emite o Sol, desde o infravermello ata o ultravioleta, pode danar permanentemente a retina e mesmo producir cegueira sen aviso previo”. Os técnicos lembran que “a observación directa sen protección, aínda que sexa durante un eclipse parcial, é extremadamente perigosa; calquera aparato óptico como prismáticos, telescopios ou cámaras pode concentrar a luz e danar o ollo de maneira inmediata”. As denominadas **gafas de eclipse**, adquiridas en establecementos especializados ou pla-

netarios, están deseñadas para observar o Sol con seguridade durante períodos curtos, inferiores ao minuto. “Convén comprobar que non presenten raspaduras, perforacións, arañazos, roturas ou dobreces antes de empregalas”, advertiu un membro da Comisión Nacional de Astronomía. Aconséllase tamén probar as gafas mirando unha fonte de luz segura, como unha bombilla de incandescencia, antes de usalas co Sol. **Filtros profesionais** son tamén unha opción, aínda que caros. “Estes dispositivos reducen a luz visible e filtran todas as longitudes de onda perigosas para o ollo, reducindo a radiación solar

en factores de 30.000 ou máis, equivalente a ver un cuarto crecente de lúa”, explicaron os técnicos.

O QUE NON SE DEBE FACER:

- Non mires o Sol directamente a simple vista, incluso se está nublado ou o Sol vése débil.
- Non empregues lentes de Sol convencionais, por moi escuras que sexan.
- Non empregues cristais afumados, radiografías, CDs, espellos, nin ningún “truco caseiro”.
- Non apuntes cámaras, prismáticos ou telescopios cara o Sol sen filtros específicos homologados.

te relevantes. “En Galicia contamos con nove destes territorios e en catro deles, todos situados en Lugo, a eclipse será visible na súa totalidade”, destacou un representante de Turismo Científico da Xunta.

Na provincia de Lugo, os destinos Starlight onde se poderá contemplar a eclipse total son Chantada, Muras e a Reserva da Biosfera dos Ancares Lucenses e montes de Navia, Cervantes e Becerreá. No resto de Galicia destacan o Parque Nacional das Illas Atlánticas, a Costa da Morte, Pena Trevinca, Lalín e a Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas. “Para nós, este evento é unha oportunidade para mostrar a riqueza natural e científica de Galicia, combinando turismo, educación e investigación”, engadiu o portavoz.

O concelleiro de Turismo de Lugo afirmou que “a eclipse do 12 de agosto é un fenómeno histórico, que non só ofrece un espectáculo visual, senón tamén unha experiencia educativa única. Animamos aos visitantes a aproveitar este evento para coñecer o noso territorio, sempre respetando as medidas de seguridade”.

EDUCACIÓN


A Comisión Nacional da Eclipse tamén lanzou programas educativos para escolas e centros culturais. “Queremos que os estudantes aprendan a observar o Sol de forma segura e comprendan a magnitude do fenómeno”, sinalou unha representante. As actividades inclúen talleres de proxección, explicacións sobre a dinámica Terra-Lúa-Sol e observación guiada mediante prismáticos seguros.

Ademais, asociacións astronómicas locais ofrecéronse para organizar charlas e rutas guiadas en zonas Starlight. “A participación cidadá é fundamental; queremos que o público vivencie a eclipse con seguridade e que tamén aprenda sobre ciencia”, indicou un coordinador.

A presenza de turistas e afeccionados á astronomía en Galicia está a aumentar. “As reservas de aloxamento están en máximos históricos”, asegurou un empresario da Mariña, que engadiu que “moitos visitantes combinan a observación da eclipse con rutas culturais, sendeirismo e turismo rural, aproveitando a singularidade deste evento”.

TECNOLOXÍA

A observación profesional tamén estará garantida por equipos especializados. “Institutos e universidades instalarán cámaras e telescopios con filtros de alta calidade para documentar a eclipse e facilitar transmisións en tempo



real”, explicou un científico. Estes dispositivos permitirán seguir a evolución da eclipse desde múltiples puntos, ofrecer datos precisos e estudar a coroa solar, a actividade da Lúa e outros fenómenos asociados.

A tecnoloxía tamén terá un papel divulgativo. “Imos difundir o evento a través de redes sociais, aplicacións educativas e transmisións en directo para que quen non poida asistir poida vivir a eclipse desde calquera lugar do mundo”,

sinalou a coordinadora da Comisión Nacional da Eclipse.

Nos últimos meses desde a Xunta intensificáronse tamén os traballos de coordinación e divulgación arredor da eclipse total. A administración e entidades científicas están a preparar dispositivos especiais para facilitar unha observación segura e organizada ante a gran afluencia de visitantes que se prevé en Galicia. Entre as medidas adoptadas figura a creación dun portal informativo específico con

datos actualizados sobre horarios, zonas de observación, previsións meteorolóxicas, recomendacións de seguridade e mapas interactivos que permitirán consultar as características do fenómeno en cada concello galego (<https://eclipse.xunta.gal/portada>).

A planificación inclúe ademais simulacións técnicas e probas de aforo en distintos puntos do territorio, coincidindo estes días cunha posición solar practicamente idéntica á que terá o 12 de agosto

de 2026. Os equipos de coordinación están a traballar especialmente en cuestións relacionadas coa mobilidade, os accesos, a protección civil e a conservación dos espazos naturais que poderán rexistrar unha elevada concentración de persoas durante o evento astronómico.

DEPUTACIÓN

Na provincia de Lugo, considerada un dos mellores lugares para contemplar a eclipse total, a Deputación de Lugo puxo en marcha unha ampla campaña divulgativa e educativa co obxectivo de preparar á cidadanía ante este acontecemento astronómico excepcional. A programación inclúe conferencias, charlas informativas e actividades científicas destinadas a achegar o fenómeno ao público e explicar tanto o seu valor astronómico como as medidas necesarias para observalo con seguridade.


Especialistas en astrofísica e divulgación científica están a percorrer distintos puntos da provincia explicando as características da eclipse, os mellores lugares para a súa observación e a importancia de empregar lentes homologadas e sistemas de protección adecuados. Ademais, a Deputación prevé distribuír material informativo e dispositivos de observación entre a veciñanza, así como desenvolver novas actividades nas diferentes comarcas para converter a eclipse non só nun acontecemento científico excepcional, senón tamén nun impulso para o turismo, a divulgación e a posta en valor do territorio.

MÉTODOS

Outra forma segura de contemplar o eclipse consiste en proxectar a imaxe do Sol sobre unha superficie branca. “Cando a luz se dispersa sobre un papel, parede ou pantalla, só unha pequena fracción pasa polo buraco ou filtro, permitindo unha observación totalmente segura”, sinalou un profesor de física.


CARTOLINAS. O método máis simple consiste en usar dúas cartolinas opacas, unha delas cun pequeno buraco. Colocándose de costas ao Sol, a cartolina furada proxecta a luz na segunda cartolina situada a varios palmos de

distancia. “Segundo o tamaño do buraco, a imaxe será máis ou menos nítida; a práctica e os ensaios son fundamentais para obter un resultado óptimo”, engadiu.



ESPELLO. Con un pequeno espejo cuberto cun papel ao que se recorta un buraco de medio centímetro tamén é posible proxectar a imaxe sobre unha parede. “A forma do buraco non é crucial; a proxección mantén o disco solar e, se o eclipse é parcial, mostra a

sombra correspondente. Incluso podemos facer varios buracos e comparar as proxeccións”, explicou un técnico de divulgación científica.



PRISMÁTICOS. A proxección con prismáticos ou telescopios ofrece unha imaxe máis luminosa, pero tamén maiores riscos. “O sobrequeque do aparato pode danalo e calquera observación directa sen protección pode ser cegadora. Cómpre orientar a pantalla de proxección correctamente e manipular coidado o enfoque”, engadiu o experto.

AO NOSO CARÓN

O PP de Lugo critica a falta de prazos para reparar a estrada A-54

Os senadores do Partido Popular por Lugo José Manuel Barreiro, José Manuel Balseiro e Juan Serrano criticaron que o Goberno central continúa sen ofrecer prazos concretos para o arranxo dos desprendementos dos taludes laterais da autovía A-54, rexistrados durante o pasado inverno á altura de Guntín.

Segundo denuncian, en varios puntos da vía seguen instalados sinais de emerxencia e restricións de tráfico derivadas destes danos, incluíndo cortes de carril, sen que se estean executando traballos efectivos de reparación e estabilización. Os populares sinalan ademais que o propio Executivo recoñece que as actuacións nos taludes afectados polas intensas precipitacións da campaña invernal 2025-2026 aínda se atopan en fase de tramitación. O PP de Lugo lamenta que o Goberno de Pedro Sánchez non detalle que tipo de intervencións prevé nin explique os motivos do atraso, nin tampouco cando se podería

recuperar a normalidade na circulación. Neste sentido, expresan a súa preocupación polo estado de conservación dos tramos afectados e pola posible incidencia na seguridade viaria, así como polas molestias derivadas das restricións nunha infraestrutura de alta capacidade.

Os senadores populares tamén advirten de que non se ofrece unha data para a finalización das obras do último tramo da autovía entre Lugo e Santiago, concretamente entre Melide e Arzúa, unha actuación que consideran clave para completar a conexión.

Segundo lembran, a A-54 acumula atrasos desde hai anos e segue sen estar finalizada na súa totalidade, a pesar de tratarse dunha infraestrutura estratéxica para a mobilidade e a vertebración territorial de Galicia. Para os representantes do PP, esta situación reflicte, ao seu xuízo, unha falta de interese do Goberno tanto na conclusión da vía como no seu mantemento axeitado.

Os museos provinciais impulsan unha programación de verán

Os museos provinciais desenvolverán durante os próximos meses unha ampla programación de actividades culturais, divulgativas e didácticas co obxectivo de continuar achegando os seus fondos a persoas de todas as idades. A programación, baixo o lema ‘Escola, Cultura e Territorio: Verán na Rede Museística’, foi dada a coñecer pola deputada de Cultura, Iria Castro; a xerente da Rede Museística Provincial, Encarna Lago; e a directora do Museo Provincial de Lugo, Aurelia Balseiro.

Iria Castro destacou que as actividades buscan continuar abrindo os museos á cidadanía e, especialmente, ás xeracións máis novas, creando novas oportunidades para achegarse ao patrimonio e á creación artística. A deputada tamén puxo en valor a estrutura da Rede Museística Provincial, formada por museos distribuídos por distintos puntos do territorio, o que permite levar estas propostas culturais e educativas a un maior número de persoas.

Pola súa banda, Encarna Lago sinalou que a programación de verán foi deseñada para dar protagonismo á celebración do vinte aniversario da



Rede e á apertura do Pazo de Tor, ao tempo que pretende visibilizar un modelo de museos baseado na inclusión, na igualdade e nun enfoque centrado nas persoas.

Entre as actividades previstas no Museo Provincial de Lugo figura o obradoiro asociado ao espectáculo ‘Carapuchiña Vermella’, programado para o 14 de xullo entre as 12.00 e as 14.00 horas, dirixido a nenos e nenas a partir dos 4 anos.

Tamén se celebrará os días 21 e 28 de xullo, entre as 17.00 e as 18.30 horas, o obradoiro ‘A linguaxe do barro: Milagres compartidos’, impar-

tido por Soila Jankowska e Cris Barmio e orientado ao público adulto. A actividade consistirá na decoración dunha peza artesanal de barro e vinculada á exposición ‘Tecendo rede’.

Ademais, dentro das actividades do programa Erasmus+ desenvolvidas con CULTIV e Terras Irmás, o Museo Provincial de Lugo acollerá o 20 de agosto ás 18.00 horas o obradoiro ‘Saramago para Todas as Línguas’, unha actividade dirixida a nenos e nenas de entre 6 e 12 anos que permitirá reflexionar sobre a diversidade lingüística a través da obra de José Saramago.

Grupos de WhatsApp de pais e nais

O PUPITRE



Julio Díaz

Hai uns días chamoume a atención a noticia de que a futura Lei de Educación Dixital, unha norma impulsada pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP da Xunta de Galicia, regulará o uso de WhatsApp, os teléfonos móbiles, a intelixencia artificial, as gravacións nas aulas e os horarios de comunicación escolar. Esta lei, polo tanto, regulará as comunicacións por WhatsApp entre as familias e o profesorado, co obxectivo de que as mensaxes se canalicen a través de vías oficiais e ferramentas institucionais como a aplicación Abalar, evitando así os grupos ou chats privados que acaban mesturándose coa vida persoal.

Despois de darlle unhas voltas, decidín que a miña colaboración

mensual neste «Pupitre» podía ir por aí e, máis concretamente, centrarse nos grupos de WhatsApp de pais e nais. Esta idea reforzouse tras unha conversa cunha boa amiga que me confesou de xeito rotundo: “Saín do grupo de pais do colexio, era un inferno”.

A fenda existente entre a familia e a escola non se soluciona cun mero parche dixital; é preciso que os problemas se resolvan nos espazos e tempos axeitados, sen deixar ao arbitrio de internet esta necesidade imperiosa de comunicación. Pasamos do faladoiro ou da cafetería da esquina aos grupiños de pais en WhatsApp, con todo o que iso supón en canto ao mal uso da ferramenta.

WhatsApp é un excelente recurso para as comunidades de pais e nais se se dá un bo uso del; supón unha vantaxe e é de gran utilidade para intercambiar información útil, coordinar traballos en grupo ou compartir novidades do centro. Porén, con frecuencia, pasamos do uso ao abuso, o que xera unha mul-

titude de conflitos: intentar converter o chat na axenda dos nosos fillos, lanzar críticas destrutivas cara ao labor do profesorado, xulgar a outros pais ou espallar rumores. Estou a liarme un pouco co tema, pero o que realmente quería era transmitir como se sentiu esta boa amiga. Continúo co que me relatou: «Julio, tomei a decisión de saír do grupo. Non son a primeira nin serei a última que o fai, porque nos últimos meses o GRUPO, así en maiúsculas, converteuse nun escenario de reproches constantes entre proxenitores: moitas veces polo comportamento dos pais e nais e outras tantas polo dos nosos fillos. Situacións que hai anos —non tantos— se resolvían cunha simple conversa na porta do centro, agora pásanse a tratar por WhatsApp ante máis de 25 persoas, con todo o que isto implica, malentendidos incluídos. E aínda que cría terme mantido á marxe dese escenario cada vez máis incómodo —eu entraba na clasificación de participante que apenas fala pero le to-



das as mensaxes—, houbo un día no que unha desas conversas de reproche, na que interviñan máis persoas das directamente implicadas, me xerou unha gran ansiedade. Foi nese mesmo intre cando decidín que tiña que saír.

Da mesma maneira que meditei a miña decisión de abandonar, analice, detalle a detalle, a mensaxe coa que comunicaría a miña fuxida. Non houbo escusas nin mentiras piadosas; foi un exercicio de

sinceridade comedida e educada. Recoñezo que, antes de enviar a mensaxe, comprobei desde un punto de vista meramente práctico como debía abordar a situación. Valorei todo moi ben antes de premer “enviar” e “saír do grupo”. Agora, despois dun tempo, non me arrepinto da miña decisión; sentíame totalmente aliviada».

Espero que esta boa amiga, se le O Pupitre, saiba perdoar que fixese pública a súa decisión.

Baralla: Miguel González

“Ser alcalde non é un traballo, é unha forma de vida”



DATOS

HABITANTES: 2.396.

PARROQUIAS: 30.

EXTENSIÓN: 141,16 km².

PARTIDO XUDICIAL: Becerreá.

CORPORACIÓN: 10 concelleiros do PP e 1 do PSOE.

ALCALDE: Miguel González.

VOCEIRO PSOE: Jaime González.

O rexedor entrou na Alcaldía de Baralla en xullo de 2019 despois do falecemento do seu pai, Manuel González Capón tras levar este 32 anos á fronte do goberno municipal. Así, continúa o seu legado, apostando por modernizar e mellorar o municipio

Explíquenos un pouco como se iniciou na política e como se vinculou ao seu partido.

Levo toda a vida vivindo a política, xa que o meu pai foi alcalde de Baralla durante 32 anos. Por iso, vivín tanto o bo como o malo deste mundo. É un traballo que engancha moitísimo, porque permite axudar á cidadanía, aos veciños, estar sempre con eles e atender os seus problemas; é algo moi bonito e moi gratificante. Pero tamén ten o seu lado duro e complicado. Aínda así, sempre foi un traballo que me gustou porque vin o meu pai loitar por este concello e polos seus veciños. Por iso, cando tiveron a oportunidade de seguir ese camiño, fíxeno.

Como deu o salto o recibiu o impulso para ser alcalde?

En 2019, o anterior alcalde volveu

gañar as eleccións, pero pouco despois faleceu. Eu ía na lista e, por tanto, asumín o cargo de alcalde.

A nivel persoal, que sacrificios supón formar parte do Goberno do Concello?

Ser alcalde non é un traballo, é unha forma de vida. Aquí non hai festivos nin fins de semana, estás cos teus veciños todos os días, cos seus problemas. Pola mañá, pola tarde e pola noite, en domingo ou en sábado. Os problemas xorden cando xorden e hai que estar sempre dispoñible.

E beneficios?

Como dixen anteriormente, ten cousas moi bonitas, como axudar aos veciños.

Como equilibra a vida pública e a privada?

Sacrifícase moitísimo a vida privada. Creo que, como na vida en xeral, hai momentos nos que hai que decidir e valorar que é o que compensa e o que non. E neste caso é unha oportunidade única de facer algo que, doutra maneira, non tería vivido. Permíteche abrir moito a mente, ver cousas que doutro xeito non verías e coñecer xente que probablemente non coñecerías se non tiveses esta responsabilidade. A verdade é que che permite coñecer moita xente interesante e ampliar moito a túa visión. Para min, é unha oportunidade única. Non sei o que pasará no futuro, pero non creo que teña na vida unha experiencia tan enriquecedora como esta.

Cales son os seus obxectivos a nivel político?

Aparte da Alcaldía, non teño ningún outro obxectivo político. Preocúpame Baralla e os meus veciños; así como acabar os proxectos que transforman o concello. Que, ás veces, son difíciles de explicar, porque levan anos e non se ven no inmediato.

E se renova na Alcaldía, cales son as principais actuacións previstas?

Para eses aspectos non son nada



atrevido. Cando se decata a veciñanza é cando xa está feito. Porque ás veces hai cousas e factores que non dependen dun mesmo. E ás veces digo: “vou facer isto”, e igual mañá pasa algo e non o fago. Por iso nunca o digo ata que a obra non está en marcha.

Cales son as principais liñas do seu programa?

Non quero avanzar nada, pero o traballo que estamos facendo agora non loce. Estamos facendo cousas que pronto terán sentido en conxunto e demostraremos os resultados do noso traballo. As obras que transforman de verdade un lugar levan tempo. Hai cousas que paga a pena facer aínda que ao curto prazo non se valoren porque non se ven.

Cales considera que son as principais necesidades no seu concello?

Sempre queremos ir a mellor e sempre hai cousas que mellorar. Pero unha necesidade concreta que temos é o desenvolvemento do polígono industrial, xa que hai 20 anos, en 2006, cando o PP estaba á fronte da Deputación de Lugo, comprou os terreos, pero no 2007 entrou no goberno provincial PSOE e BNG e teñen bloqueada a posibilidade de poñelo en marcha. Esta comarca é unha das máis despoboadas da provincia de Lugo e dispersas xeograficamente e o polígono de Baralla podería ser un polígono comarcal para que a xente puidese vivir nos concellos do redor, en Baralla, Becerreá, Cervantes, As Nogais e Pedrafita, e atraer xente e asentala aquí.

De que proxectos se sente máis orgulloso?

Un dos proxectos dos que máis orgulloso me sinto é de conseguir o

Programa DUS 5000 de axudas para investimentos en proxectos singulares locais de enerxía limpa en concellos de reto demográfico, que se enmarca no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU. Estes fondos son moi difíciles de conseguir e supoñen unha oportunidade única. Estamos nunha zona complicada e non se pode deixar pasar esta ocasión. Por iso, estou intentando sacar o máximo rendemento destes fondos europeos. Porén, as obras non é o que máis me fai sentir orgulloso, senón estar ao lado dos meus veciños, solucionando os seus problemas no día a día, iso é o importante. Ademais, tamén é importante o aspecto cultural. As actividades tamén moi importantes nos pobos para que a xente estea en contacto, para que se vexan, para que a xente maior non estea na casa e se dinamice un pouco a vida social.

Que lle gustaría que os veciños visen en vostede como alcalde?

Espero que vexan o traballo que se fai cada día por eles. Entendo que, nalgúns ocasións, non comprendan a decisión que estou tomando, porque quizais se trate dunha decisión complicada e eu estea vendo máis o conxunto. Pero ás veces sacrifico o persoal polo interese xeral. Así que espero que garden un bo recordo de min, porque non sei que pasará no futuro; o tempo dirao.

Como é a súa relación coa oposición?

Nós sempre somos moi educados e moi respectuosos con eles, xa que cada vez que vexo a miña posición, vexo tamén a todos os veciños que os votaron.

EN CLAVE PERSOAL

- **Idade, estado civil e familiar**
40 anos, solteiro e sen fillos
- **Profesión e formación**
Estudei ADE e teño un pequeno negocio
- **E se non o fose, que lle gustaría ser?**
Un traballo social que me permitise estar coa xente
- **Que quería ser de maior?**
Non tiña unha vocación clara
- **Que fai para desconectar?**
Desconecto cos amigos
- **Unha virtude e un defecto**
Son moi paciente, e no persoal son pouco metódico
- **Un consello para compartir**
Fai o ben e non mires a quen
- **Un libro, unha película ou/e un grupo de música/cantante**
‘La reina del sur’, ‘El curioso caso de Benjamin Button’, e non son moito de música

- **Unha afección**
Xogar ao fútbol cos amigos
- **Un lugar que visitar**
Calquera recuncho tranquilo
- **Unha comida e unha bebida**
Un bo viño e unha boa carne
- **Unha personaxe admirada**
O meu avó
- **Unha posesión prezada**
Nada, a saúde
- **Un desexo**
Ser feliz
- **Algo para esquecer**
As enfermidades familiares
- **Que é o que máis valora nunha persoa?**
A lealdade
- **Un desafío pendente**
Facelo o mellor que poida e saiba, profesional e persoalmente
- **Onde se ve en cinco anos?**
Non o penso, pero en Baralla

portomarín

O PSOE acusa ao Goberno local de falta de transparencia



O Grupo Municipal Socialista de Portomarín realizou unha valoración do último Pleno ordinario, no que se abordaron tres iniciativas impulsadas pola formación relacionadas co abastecemento de auga, o estado do Campo da Festa e a situación de varias pistas municipais das parroquias. Os socialistas destacaron especialmente a moción sobre a auga, que foi aprobada co apoio do Partido Popular.

O portavoz do PSdeG, Sergio Vázquez, criticou a actitude do alcalde na sesión e asegurou que a súa formación se limitou a presentar propostas para intentar buscar solucións a unha problemática que, ao seu xuízo, leva demasiado tempo afectando á veciñanza. Ademais, cualificou de contraditoria a postura do PP, ao considerar que cuestionou o contido da iniciativa e posteriormente acabou apoiándoa.

Vázquez tamén sinalou que a preocupación cidadá sobre este asunto

segue medrando e lembrou que esta cuestión xa fora levada ao Pleno durante o ano pasado. Neste sentido, os socialistas consideran que a crecente mobilización veciñal e a demanda de explicacións influíron no cambio de postura dos populares.

Tras a aprobación da moción, o PSdeG reclama agora que se execute o acordado e solicita acceso á documentación relacionada co abastecemento, como as análíticas da auga, os proxectos previstos e as comunicacións realizadas con outras administracións.

Por outra banda, o Partido Popular rexeitou as propostas presentadas polos socialistas para a mellora integral do Campo da Festa e para actuar sobre varias pistas municipais das parroquias. Segundo o portavoz socialista, estas decisións evidencian unha falta de atención ás necesidades do rural e aos servizos demandados pola veciñanza.

Portomarín impulsa viaxes á praia este verán

O Concello de Portomarín anunciou a posta en marcha dunha nova iniciativa para este verán coa organización de viaxes en autobús ás praias da costa galega, unha proposta que se desenvolverá con periodicidade quincenal durante os meses de xullo e agosto.

O obxectivo desta medida é facilitar á veciñanza a posibilidade de disfrutar dunha xornada de ocio e lecer na praia sen necesidade de utilizar vehículo propio, favorecendo así unha alternativa de mobilidade colectiva para os desprazamentos estivais.

O programa inclúe catro saídas previstas para este verán. A primeira

realizarase o 14 de xullo con destino á praia da Madalena, en Cedeira; a segunda terá lugar o 28 de xullo na praia Xardín, en Boiro; o 11 de agosto será a quenda da praia de Covas, en Viveiro; mentres que a última viaxe está programada para o 25 de agosto á praia da Magdalena, en Cabanas.

O prezo por viaxe para as persoas empadroadas no Concello de Portomarín será de 12 euros no caso dos adultos e de 6 euros para menores de 14 anos. Pola súa parte, as persoas non empadroadas deberán aboar 16 euros no caso dos adultos e 10 euros para menores de 14 anos.

outeiro de rei

A XVIII Feira de Artesanía reuniu a centos de visitantes na vila

Outeiro de Rei celebrou a XVIII Feira de Artesanía, unha cita xa consolidada no calendario estival da provincia que volveu converter a vila nun gran escaparate da artesanía, da gastronomía e da cultura tradicional galega. A feira rexistrou un notable éxito de participación, con centos de visitantes ao longo de toda a xornada e unha gran afluencia de público nos arredor de 90 postos instalados nas rúas do municipio.

A elevada temperatura non impediu que veciños, veciñas e visitantes desfrutasen dunha intensa programación que combinou exposicións, música tradicional, demostracións de oficios artesanais, actividades infantís, propostas gastronómicas e iniciativas deportivas e culturais para todas as idades.

Os expositores destacaron a gran afluencia de persoas durante toda a xornada, especialmente nas zonas dedicadas á alimentación ar-



tesanal e aos traballos realizados a man. Tamén tiveron unha excelente acollida as demostracións in vivo de oleiros, canteiros, cesteiros e artesanías téxtiles, que espertaron un gran interese entre o público.

A concentración de vehículos clásicos, os paseos en *kaiak* polo río Miño, os espectáculos de maxia, as actuacións musicais e as actividades familiares contribuíron a crear un ambiente festivo que se manti-

vo durante todo o día. A hostalaría local e os espazos de restauración tamén rexistraron unha importante actividade grazas ás numerosas visitas recibidas.

A feira reafirmase así como un dos grandes eventos do verán na comarca, combinando promoción económica, turismo e posta en valor do patrimonio cultural e artesanal galego.

O pleno aprobou os orzamentos, que ascenden a 8,66 millóns

O pleno do Concello de Outeiro de Rei aprobou os orzamentos municipais, que ascenden a un total de 8.660.136,54 euros. As contas municipais contaron cos votos a favor de oito concelleiros do equipo de Goberno e os catro en contra da oposición. O alcalde, José Pardo Lombao, destacou o capítulo de investimentos, que situou en 2.980.000 euros, ao que engadiu unha subvención da Xunta de 800.000 euros que xa está en execución. Este volume supón o 33,98 % do total do orzamento e avanza a posibilidade de ampliar este capítulo, onde se contempla a aprobación do Plan Parcial para A Palloza. Pardo defendeu tamén que deixa a débeda pública “nunha cantidade asumible e necesaria”, con gastos financeiros que cifrou no 0,75 % e a anulación das prórrogas de crédito.

Tamén puxo en valor os investimentos en servizos sociais, no SAF e na escola infantil, “onde cada vez hai máis nenos”, e a isto suma máis investimentos en equipamento para o deporte. Por isto cualifica as contas de Outeiro de Rei como “sumamente satisfactorias” polo que implica manter os impostos e as taxas conxelados. “Podémonos sentir satisfeitos por ofrecer máis servizos sen aumentar os impostos e con me-

nos recursos. Vamos dando pasos importantes para mellorar a calidade de vida dos veciños, pero queda moito traballo por facer”, resumiu o mandatario, que tamén fixo referencia ao incremento de poboación “que obriga a dedicar máis cartos públicos a servizos”, citando a mellora da rede de auga ou a rede de estradas, que se amplían e hai que manter, así como preto dun millón de euros a gastos de persoal.

Os dous partidos da oposición votaron en contra ao subliñar que os orzamentos infrinxen a normativa ao atrasar a aprobación dos orzamentos ata mediado o ano. “Non sabemos en que investiu os cartos estes meses”, explicou o nacionalista Miguel Vieito.

Ambos coincidiron en sinalar que o investimento do Concello é menor ao 20 %, xa que a maior parte del procede doutras administracións. “Presentan as contas tarde, mal e falseadas”, insistiu Vieito, que tamén considera que a débeda en realidade supera o 1,25 % e que as taxas “é o primeiro ano que non soben”.

Pola súa banda, a socialista Carmen Acacio reclama máis execución do orzamento e puxo como exemplo A Palloza, “que cada ano conta cunha partida que ano a ano non se executa”. Así mesmo, reclamou que o cen-

tro de día está sen abrir “oito anos despois”.

A débeda é de máis do 1,25 %. As taxas están conxeladas, pero é o primeiro ano que non soben.

Aprobouse por unanimidade a urxencia dunha moción do BNG debido á comunicación da AD Matela da súa saída das competicións e tamén da súa posible desaparición debido á falta de apoio do Goberno local para manter as súas instalacións. Falaban dunha necesidade urxente de melloras no campo de San Lourenzo que se presentaron no Concello, “e non se fixo nada”. Solicita na moción que o Concello apoie ao Matela para a volta ás competicións.

O alcalde defendeu que todas as asociacións “queren máis sempre” e que si colaboraron asfaltando os accesos recentemente, así como con outras aportacións. “As instalacións non están ao nivel que nos gustaría, pero están ao nivel que un concello como o noso as pode ter”, recalcou Pardo.

Tamén fixo un chamamento á sociedade deportiva para que negocie co Concello as súas necesidades. “Sempre axudo a todas as asociacións, independentemente da súa ideoloxía”, recalcou, esgrimindo iso como unha das razóns polas que o equipo de goberno non aprobou a moción.

Castroverde celebrará as Festas do Santiago Apóstolo do 23 ao 26

Castroverde xa conta motores para a celebración das Festas do Santiago Apóstolo, unha cita que reunirá durante catro días música, tradición, actividades culturais e propostas pensadas para públicos de todas as idades. A programación desenvolverase entre o 23 e o 26 de xullo e combinará concertos, actos relixiosos, actividades infantís e diferentes iniciativas vinculadas á cultura popular galega.

A programación arrancará o 23 de xullo, xornada dedicada á orientación, coa celebración do Orientabirring durante a tarde e coa música como protagonista da noite grazas ás actuacións de D'Canó e París de Noia.

O día 24 será o Día Grande das festas e contará coa actuación de Los Adrianos ao mediodía, ademais da música da Mekanika Rolling Band e dunha das grandes citas musicais das celebracións coa presenza das orquestras Capitol e La Fórmula.

Xa o sábado 25, coincidindo co



Día do Patrón, a programación combinará tradición e música coa batucada Tambukda, a misa e procesión relixiosa e a actuación do grupo Acordes. A xornada continuará coa música de Fuego Street Band e coa verbeña protagonizada por Acordes e Origen. A medianoite terá lugar a tradicional sesión de fogos artificiais.

As festas pecharanse o domin-

go 26 coa celebración do Día da Foliada, unha xornada na que a música tradicional terá especial protagonismo.

O programa incluír á actuación de Asubíos da Chaira, a misa, unha sesión de cantos de taberna por distintos puntos da vila, xogos infantís, a actuación da Cé Orquestra Pantomina e os concertos de Punk'on Keixo e De Ninghures.

Impartirase na vila un obradoiro de baile, canto e a pandeireta



O Concello de Castroverde colaborará este verán nun novo obradoiro centrado na música e no baile tradicional galego, unha proposta dirixida a persoas interesadas en iniciarse ou perfeccionar os seus coñecementos neste ámbito cultural.

A actividade desenvolverase todos os martes dos meses de xullo e agosto a partir das 20.30 horas no Centro Sociocultural Paco Pestana.

O programa arranca o 7 de xullo e incluír diferentes modalidades

relacionadas coa tradición musical galega.

Entre os contidos previstos atópanse sesións de iniciación ao baile tradicional, canto e pandeireta, así como actividades de perfeccionamento orientadas ao baile tradicional para persoas con experiencia previa.

A iniciativa busca promover a participación cidadá arredor da cultura popular e favorecer a transmisión das tradicións musicais e de baile galegas entre diferentes xeracións.

A Deputación de Lugo iniciou as obras da nova ponte sobre o río Azúmara

A Deputación de Lugo iniciou os traballos para construír unha nova ponte sobre o río Azúmara no cinto comarcal, na estrada provincial LU-P-1611, cun investimento total de 650.000 euros.

A presidenta da institución provincial, Carmela López, explicou que a ampliación da vía permitirá dispoñer dunha plataforma con mellores prestacións e maior capacidade nun tramo que soporta un volume elevado de tráfico. Ademais, puxo en valor o esforzo realizado pola Deputación para manter e conservar esta estrada de 131 quilómetros de lonxitude, incidindo especialmente na necesidade de actuar sobre un dos seus puntos máis problemáticos.

O actual paso sobre o río Azúmara está considerado un dos treitos máis estreitos e complexos da LU-P-1611 debido á reducida dimensión da plataforma, unha circunstancia que dificulta o cruce de vehículos e condiciona a seguridade da circulación.

Os traballos centraranse nun tramo de algo máis dun quilómetro, entre os puntos quilométricos 106,5 e 107,8 ao seu paso polo



municipio de Castroverde, cun prazo estimado de execución de nove meses. As actuacións inclúen a demolición da antiga ponte, a preparación do terreo e a construción dunha nova plataforma que incrementará o seu ancho en seis metros respecto da actual, alcanzando os 11 metros totais. Tamén se renovará a sinalización viaria.

Unha vez rematada a intervención, executaranse distintas medidas ambientais destinadas á recuperación da contorna, entre elas a sementeira dos taludes para favorecer a recuperación da cuberta vexetal e a plantación de novas árbores.

ESTRADA LU-P-1201. A Deputación de Lugo tamén a adxudicación das obras de mellora do firme da estrada provincial LU-P-1201, no municipio de Castroverde. Os traballos serán executados por un importe superior aos 221.800 euros e permitirán actuar nun tramo de máis de 2,8 quilómetros entre Souto de Torres e Sobrado.

A intervención contempla a renovación do pavimento existente, así como actuacións destinadas á mellora da drenaxe da vía. O prazo previsto para a execución destes traballos é de catro meses.

O BNG levará ao Pleno propostas para mellorar a feira e ampliar a apertura das piscinas

O grupo municipal do BNG de Castroverde rexistrará para o vindeiro Pleno dúas mocións centradas na mellora de servizos e espazos públicos do municipio, con iniciativas orientadas á dinamización da feira quincenal e á ampliación do período de apertura das piscinas municipais. A voceira municipal da formación, Iria Castro, sinalou que a feira quincenal representa un importante elemento económico e social para o concello e considera que precisa unha maior promoción e impulso. Segundo explica, a proposta nacionalista inclúe diferentes medidas como actuacións de difusión, mellores nos espazos destinados ás pulperías, a instalación de baños públicos e outras actuacións orientadas a reforzar este evento periódico.

Desde a formación destacan ademais o valor da feira como patrimonio cultural e como un elemento dinamizador do comercio local e da actividade económica de proximidade.

A segunda moción estará centrada

nas piscinas municipais, onde o BNG defenderá a ampliación do período de apertura das instalacións para recuperar un calendario que, segundo sosteñen, se adapte mellor ás necesidades da veciñanza. A formación xa trasladara anteriormente a súa preocupación pola redución do tempo de funcionamento este ano, especialmente nun contexto marcado por episodios de altas temperaturas cada vez máis frecuentes durante os meses de verán.

Ademais destas dúas iniciativas, o grupo nacionalista tamén formulará rogos relacionados coa posta en marcha de cursos ao longo de todo o ano, a apertura ao público dunha biblioteca no Paco Pestana e a limpeza das rutas municipais.

Iria Castro indicou que as propostas responden ás demandas trasladadas pola cidadanía e asegurou que o obxectivo da formación pasa por presentar iniciativas útiles e realistas destinadas a mellorar os servizos e aumentar o atractivo do municipio.

o corgo

O BNG do Corgo denuncia o deterioro da atención sanitaria



O BNG do Corgo acompañou á veciñanza do municipio nunha concentración celebrada diante do centro de saúde para denunciar o progresivo deterioro da atención sanitaria no concello e facer visibles as consecuencias que, segundo sinalan, están a provocar os recortes aplicados pola Xunta de Galicia na Atención Primaria.

A portavoz municipal do BNG, Pilar Bellón, advertiu durante a mobilización de que a situación sanitaria no municipio presenta unha evolución preocupante e asegurou que esta realidade repercute directamente na atención que recibe a cidadanía. Segundo indicou, os recortes están a afectar especialmente aos servizos sanitarios no rural e obrigan á veciñanza a afrontar dificultades e desprazamentos para acceder a prestacións básicas.

Bellón lembrou tamén que o Punto de Atención Continuada (PAC) do Corgo presta servizo de forma compartida cos municipios de Castroverde, Baleira e Baralla, unha situación que, ao seu xuízo, condiciona a capacidade de resposta ante posibles urxencias nunha ampla zona do interior da provincia.

A representante nacionalista chamou tamén a atención sobre a ausencia de servizo de matrona no centro de saúde do municipio. Segundo explicou, as usuarias do Corgo teñen que desprazarse ata Sarria para recibir esta atención e incluso deben contactar directamente co centro sanitario desa localidade para solicitar cita, unha circunstancia que, segundo denuncia, provoca demoras e dificulta o acceso ao servizo.

guntín

Búscase mellorar as infraestruturas rurais

A directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural da Consellería do Medio Rural, Paz Rodríguez, o alcalde de Guntín, Ángel Pérez, e representantes da comunidade de montes veciñais en man común de Pradeda mantiveron unha reunión co obxectivo de analizar diferentes cuestións de interese para o municipio e avanzar en novas fórmulas de colaboración relacionadas coas infraestruturas do medio rural.

Durante o encontro, abordáronse os progresos na cooperación entre as diferentes partes, especialmente no relativo á mellora das infraestruturas e dos accesos de uso público, así como ás actuacións destinadas á conservación e

mantemento dos camiños. Neste sentido, destacou a relevancia de manter unha coordinación continua para asegurar un adecuado estado destas vías, consideradas fundamentais tanto para a mobilidade da poboación como para a actividade agrogandeira e o desenvolvemento do territorio.

Na reunión tamén se analizaron distintas iniciativas municipais orientadas á posta en valor dos recursos naturais, patrimoniais e paisaxísticos da contorna. O propósito destas actuacións é favorecer proxectos que poidan xerar un impacto positivo entre a veciñanza e contribuír ao aproveitamento e dinamización dos recursos existentes na zona.

friol

O Concello de Friol destina preto de 350.000 euros á nove vías

O Concello de Friol vén de adxudicar os contratos para a execución de nove importantes actuacións de mellora da rede viaria municipal, cun investimento global próximo aos 350.000 euros financiados con cargo ao Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos (Plan Único) 2026. As obras permitirán actuar en diferentes parroquias do municipio mediante traballos de pavimentación, mellora de firmes, hormigonado de vías e acondicionamento dun camiño agrícola, co obxectivo de reforzar as infraestruturas locais e garantir comunicacións máis seguras e cómodas para a veciñanza.

Entre as actuacións previstas figura a pavimentación do acceso ao núcleo de Cotá, cun investimento de preto de 36.000 euros. Tamén se acometerá a pavimentación dos accesos aos núcleos de Santa Marta, O Vento e Pereira, na parroquia de Vilalvite, por un importe superior aos 47.000 euros. A estas obras súmase a pavimentación dos accesos ao núcleo de Mazcarelle, na parroquia de Ousá, cun orzamento de máis de 48.000 euros, así como a pavimentación do núcleo de Lagouzos, na parroquia de Cotá, cun investimento próximo aos 42.000 euros. Estas catro actuacións foron adxudicadas á empresa Construcciones Cholo, S.L.

Por outra banda, tamén se levarán a cabo varias actuacións centradas na mellora de firmes. Entre elas atópase a mellora do firme dos accesos ao núcleo rural de Xiá, cun investimento próximo aos 30.000 euros. Ademais, executarase a mellora dos accesos de Enxeito e Carballo, cun importe superior aos 39.000 euros, e a mellora do firme do acceso a Guldrez de Arriba e os seus ramais, cun orzamento que supera os 48.000 eu-



ros. A estas actuacións engádesse o hormigonado do acceso ao lugar de Arriba, na parroquia de Condes, cun investimento de arredor de 14.000 euros. Estas catro obras foron adxudicadas á empresa Construcciones Jesús y Páramo, S.L.

A novena actuación prevista consistirá na mellora do camiño agrícola que comunica os núcleos de Prado e Casanova. Esta intervención contará cun investimento próximo aos 40.000 euros e será executada pola empresa Jesús Fidel Amil Casal.

Segundo explica o Concello, estas actuacións responden á necesidade de reparar vías municipais que presentaban un avanzado estado de deterioro debido ao uso continuado, ao tránsito de maquinaria agrícola e forestal, ás condicións meteorolóxicas e ao paso do tempo. Co desenvolvemento destes traballos mellorarase de forma notable a seguridade viaria, a accesibilidade e a funcionalidade dos camiños afectados, evitando ademais que continúe o seu deterioro.

O alcalde de Friol, José Ángel Santos, destacou que “seguimos dando pasos firmes para continuar mellorando as infraestruturas municipais

e ofrecer uns servizos públicos de maior calidade á nosa veciñanza. Somos un concello cunha extensa rede de camiños e estradas municipais, polo que o seu mantemento require un esforzo constante e unha planificación continua”.

O rexedor sinalou tamén que “estas nove actuacións supoñen un investimento moi importante que permitirá mellorar os accesos en distintas parroquias do municipio, facilitando o día a día dos veciños e veciñas, incrementando a seguridade na circulación e contribuíndo a fixar poboación no noso rural. Cada euro que investimos na conservación das nosas infraestruturas repercute directamente na calidade de vida da nosa xente”.

José Ángel Santos concluíu asegurando que “desde o Goberno municipal continuaremos aproveitando todas as oportunidades de financiamento que poñan á nosa disposición outras administracións para seguir modernizando Friol, porque o noso compromiso é traballar todos os días para que os veciños e veciñas dispoñan dun concello cada vez mellor comunicado, máis accesible e con mellores servizos”.

Regresan as Festas de Santa Isabel cun programa cheo de música

A localidade de Friol presenta o seu programa para a celebración das súas grandes festas na honra a Santa Isabel, que se desenvolverán durante os vindeiros días 11, 12 e 13 de xullo cunha programación cargada de grandes formacións musicais.

Os festexos arrincarán o sábado 11 de xullo cunha sesión vermú programada para as 14.00 horas da man de Nerea

Cobas. Pola noite, a música non parará cunha gran verbena na que farán vibrar ao público Dj Casanova e a orquestra Panorama con Panorama City.

A xornada do domingo 12 de xullo comezará á mesma hora co ritmo e a animación da Charanga Eravisto durante a sesión vermú, mentres que a verbena nocturna correrá a cargo de das orquestras Origen e New York.

Para rematar esta fin de semana grande, o luns 13 de xullo a sesión vermú das 14.00 horas estará amenizada polo Dúo Son de Festa. O broche de ouro a esta edición porase a partir das 20.00 horas cun gran baile final que contará coas actuacións das orquestras Los Player's e Los Satélites, nun evento que conta co apoio do Concello de Friol, a Xunta de Galicia, Galicia Calidade e Xacobeo 2027.

FRIOL: José Ángel Santos Sánchez

“Quero que os mozos teñan futuro aquí e que Friol siga a ser un referente na provincia”

O alcalde de Friol desenvolve a súa terceira lexislatura sendo un dos alcaldes máis votados de Galicia, xa que a oposición só ten un concelleiro

Explíquenos un pouco como se iniciou na política e como se vinculou ao seu partido.

Inicieime na política no ano 2007, sendo moi novo e coa ilusión de traballar polo meu concello. Sempre estiven moi ligado ao rural, ao sector agrogandeiro e ás necesidades da nosa xente. Por aquel entón o anterior alcalde, Antonio Muíña e o seu equipo do Partido Popular ofreceume a oportunidade de participar nun proxecto no que me sentía identificado e desde entón fun asumindo distintas responsabilidades.

Como deu o salto ou recibiu o impulso para ser alcalde?

Foi un proceso natural. Primeiro fun concelleiro de Medio Rural, despois de Obras e máis tarde tenente de alcalde. Esas responsabilidades permitíronme coñecer cada parroquia e cada problema do municipio. En 2015 recibín a confianza do partido e dos veciños para encabezar a candidatura e converterme en alcalde.

“Necesitamos seguir creando oportunidades para que a xente nova poida desenvolver aquí o seu proxecto de vida”

A nivel persoal, que sacrificios supón formar parte do Goberno do Concello?

Supón renunciar a moitas horas de descanso e de vida familiar. Ser alcalde nun concello como Friol significa estar dispoñible practicamente as 24 horas do día para atender as necesidades dos veciños.

E beneficios?

O beneficio máis grande é ver que

o traballo dá resultado. Cando un proxecto se converte nunha realidade ou cando un veciño che transmite o seu agradecemento, todo o esforzo paga a pena.

Como equilibra a vida pública e a privada?

Non sempre é fácil. Ademais da alcaldía sigo vinculado á miña explotación gandeira, polo que a organización e contar cun bo equipo son fundamentais para poder compatibilizar ambas responsabilidades.

Cales son os seus obxectivos a nivel político?

Seguir defendendo o rural e demostrar que vivir e emprender nun concello como Friol é unha oportunidade. Quero que os mozos teñan futuro aquí e que Friol continúe sendo un referente na provincia.

E se renova na Alcaldía, cales son as principais actuacións previstas?

Continuar impulsando o desenvolvemento económico, mellorar infraestruturas e servizos, seguir apoiando o sector primario e consolidar proxectos sociais e asistenciais que están chamados a marcar un antes e un despois no municipio.

Cales son as principais liñas do seu programa?

Emprego, apoio ás empresas e aos autónomos, mellora das comunicacións, servizos para as familias, atención aos maiores e políticas que favorezan a fixación de poboación.

Cales considera que son as principais necesidades no seu concello?

A principal batalla segue sendo o reto demográfico. Necesitamos seguir creando oportunidades para que a xente nova poida desenvolver aquí o seu proxecto de vida.

De que proxectos se sente máis orgulloso?

É difícil escoller un só. Destacaría o impulso ao polígono industrial, as iniciativas pioneiras de apoio ao sector agrogandeiro, os servizos de



DATOS

HABITANTES: 3.616

PARROQUIAS: 32

EXTENSIÓN: 295 km cadrados

PARTIDO XUDICIAL: Lugo

CORPORACIÓN: 10 concelleiros do PP e 1 do PSOE

PARTIDO XUDICIAL: Lugo

ALCALDE: José Ángel Santos (Partido Popular)

VOCEIRA PSOE: Ana María Pardo Lourenzo

conciliación familiar, o complexo fluvial e o Centro de Atención Integral para Persoas con Autismo, e outros que están de camiño.

“Ser alcalde nun concello como Friol significa estar dispoñible as 24 horas do día para atender as necesidades dos veciños”

Que lle gustaría que os veciños visen en vostede como alcalde?

Un alcalde próximo, accesible e traballador. Alguén que coñece a realidade do municipio porque a vive día a día e que intenta resolver os problemas con sentido común.

Como é a súa relación coa oposición?

Desde o respecto institucional. Cada un defende as súas ideas, pero creo que todos debemos ter como prioridade os intereses de Friol por riba das diferenzas políticas.



EN CLAVE PERSOAL

• Idade, estado civil e familiar

Teño 45 anos, casado con dous fillos, sendo a familia un dos piares fundamentais da miña vida

• Profesión e formación

Técnico capataz agrícola e gandeiro de profesión

• E si non fora gandeiro, que lle gustaría ser?

Gandeiro, porque é a miña vocación

• Que quería ser de maior

Sempre me gustou o mundo rural e a agricultura

• Que fai para desconectar?

Pasar tempo coa familia e atender a explotación

• Unha virtude e un defecto

Aínda que tivera algunha, creo que non son o indicado para dicir as miñas virtudes, son bastante constante e demasiado perfeccionista

• Un consello para compartir

Traballar con humildade e escoitar sempre aos demais

• Un libro, unha película ou/e un grupo de música/cantante

A música tradicional galega en xeral

• Unha afección

O mundo rural e a gandería

• Un lugar que visitar

Galicia, porque temos un patrimonio único

• Unha comida e unha bebida

Queixo e Pan de Friol con un Mencía

• Unha persoa admirada

As persoas que, sen facer ruído, traballan cada día polos demais

• Unha posesión prezada

A miña familia

• Un desexo

Que Friol siga medrando e tendo futuro

• Algo para esquecer

Os momentos difíciles que afectaron ás familias do meu concello

• Que é o que máis valora nunha persoa?

A honestidade e a palabra dada

• Un desafío pendente

Seguir xerando oportunidades para as novas xeracións no rural

• Onde se ve en cinco anos?

Gandeiro e traballando con ilusión polo futuro de Friol, desde a responsabilidade que naquel momento me toque asumir

pol

A Deputación aproba un convenio para construír un PAI en Mosteiro



A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou este venres un paquete de medidas para reforzar, con 2,7 millóns de euros, a cooperación cos concellos, apoiar ao tecido produtivo da provincia e seguir mellorando as infraestruturas e os servizos públicos. Así o informou a Voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto na rolda de prensa posterior á sesión.

“Estas actuacións responden ao noso compromiso cun desenvolvemento equilibrado do territorio, apoiando aos concellos, fortalecendo á economía local e investindo en infraestruturas que melloran a calidade de vida da veciñanza”, valorou a responsable provincial.

No ámbito da cooperación municipal, a Xunta de Goberno sacou adiante catro convenios cos concellos de Viveiro, Trabada, Pol e Monforte de Lemos.

Ademais a Deputación tamén aprobou destinar máis de 200.000€ ao Concello de Pol para construír un Punto de Atención á Infancia (PAI) e reforzar o mantemento da zona deportiva e das piscinas municipais. O

novo servizo permitirá ofrecer atención educativa a nenos e nenas de 0 a 3 anos, favorecendo a conciliación das familias e contribuíndo á fixación de poboación no rural.

NOVO APARCADOIRO. Os concelleiros do Grupo Municipal Popular de Pol anunciaron que o cemiterio de Mosteiro contará cun aparcadoiro acondicionado grazas a unha intervención que acometerá a Xunta.

A voceira popular, Nicole Grueira, amosou a súa ledicia por esta nova, que “pode iniciarse en breve xa que contamos con todos os permisos necesarios”, os necesarios de Patrimonio.

“Foi un traballo intenso, de moitas semanas, pero entre todos acadamos o obxectivo e en breve poderemos desfrutar desta infraestrutura”, destacou.

Pola súa banda, o presidente da Asociación de Veciños de Mosteiro, José Luis Castro, destacou que “é unha mellora moi importante para o cemiterio e que dará servizo aos veciños”, así como agradeceu o traballo realizado por Nicole Grueira.

130 autocaravanas inauguraron a nova área en Mosteiro

A nova área de autocaravanas de Mosteiro viviu a súa inauguración oficial cunha destacada resposta de visitantes. Preto de 130 autocaravanas e arredor de 300 persoas procedentes de diferentes puntos de Galicia, Asturias, Ponferrada e mesmo das Illas Canarias déronse cita nesta localidade da comarca da Terra Chá para participar nun encontro que serviu para estreir estas instalacións e dar a coñecer os atractivos do municipio.

Os asistentes puideron gozar da estancia na nova infraestrutura e participar en distintas activi-

dades organizadas con motivo da apertura deste espazo, deseñado para ofrecer servizos específicos aos usuarios deste tipo de vehículos.

Durante o acto descubriuse unha placa conmemorativa e destacou a importancia desta nova área para impulsar o turismo itinerante no municipio.

A instalación conta con servizos adaptados ás necesidades das autocaravanas e sitúase nun emprazamento que facilita tanto o descanso dos visitantes como o acceso aos recursos turísticos e naturais da contorna.

rábade

O PSdeG celebra a licitación das obras na rúa Bautista Núñez

O PSdeG de Rábade valorou positivamente a aprobación da licitación das obras de rehabilitación do firme na estrada provincial LU-P-5101, no tramo correspondente á rúa Bautista Núñez, unha intervención impulsada pola Xunta de Goberno da Deputación de Lugo.

O voceiro socialista no municipio, Alejandro Martínez, sinalou que se trata dunha actuación prioritaria que foi trasladada pola agrupación local á presidenta da Deputación, Carmela López, nunha reunión celebrada o pasado mes de maio. Segundo explicou, a intervención responde á necesidade de mellorar unha vía moi transitada e con deterioro no seu pavimento.

“Falamos dunha necesidade que levaba tempo enriba da mesa. Esta intervención é fundamental para garantir a seguridade, mellorar a mobilidade e contribuír á calidade de vida das nosas veciñas e veciños”, apuntou Martínez.

As obras afectarán a uns 300



metros da vía, desde o entroncamento coa N-VI ata o percorrido pola rúa Bautista Núñez, unha das zonas con maior intensidade de tráfico da localidade.

O proxecto inclúe o fresado do firme, a súa posterior pavimentación con aglomerado en quente e a instalación dunha rigola para mellorar a evacuación das augas pluviais.

O voceiro socialista destacou tamén a rapidez na tramitación da Deputación, que considerou

que “en menos dun mes” deu resposta á demanda trasladada. Así mesmo, puxo en valor o labor da agrupación local á hora de canalizar as necesidades veciñais cara ás administracións competentes.

Martínez concluíu subliñando que os investimentos que están a executarse no municipio “seguen chegando da man dos gobernos progresistas”, fronte á ausencia de actuacións recentes por parte da Xunta, segundo afirmou.

Rábade celebrará o día 11 unha nova edición do Certame de Pintura Rápida

Concello de Rábade vén de convocar unha nova edición do Certame de Pintura Rápida, unha cita xa consolidada no calendario cultural do municipio que volverá reunir artistas chegados de distintos puntos de Galicia e doutras comunidades para plasmar en directo a beleza e os recunchos máis representativos da localidade.

O certame celebrarase o vindeiro sábado 11 de xullo entre as 9.00 e as 17.00 horas e estará aberto á participación de todas as persoas artistas maiores de 18 anos. As inscricións e o selado das teas serán gratuítos e realizaranse o propio día do concurso nas dependencias do Concello, entre as 9.00 e as 10.30 horas.

Nesta edición, o tema proposto será “Estampa de Rábade”, polo que os participantes deberán inspirarse na paisaxe urbana, patrimonial ou natural do municipio. Cada artista poderá escoller libremente tanto a modalidade como o estilo pictórico, achegando o material necesario para a realización da obra.

O concurso repartirá máis de 3.500



euros en premios.

polo Concello de Rábade, estará dotado con 1.200 euros. O segundo premio, patrocinado por Finsa, ascende a 800 euros, mentres que o terceiro, financiado por Mercontrol Agroalimentaria, contará cunha dotación de 600 euros. O cuarto premio, patrocinado por Sariego, será de 500 euros. Ademais, o xurado concederá tres accésits de 100 euros cada un.

Desde o Concello destacan que esta iniciativa busca fomentar a

creación artística e contribuír á difusión do patrimonio local a través da pintura, convertendo durante unha xornada as rúas e espazos públicos de Rábade nun gran estudo ao aire libre.

As persoas interesadas en participar ou obter máis información poden consultar as bases do certame ou contactar coa Área de Cultura e Deporte a través do teléfono 982 390 062, extensión 1, ou do correo electrónico asociocultural@rabade.org.

Destinarán 700.000 euros do orzamento a investimentos

O Concello de Castro de Rei contará en 2026 cun orzamento de 5.435.265,51 euros, aprobado en pleno co apoio do equipo de goberno e a abstención dos grupos da oposición. As contas municipais contemplan un importante esforzo investidor, cunha partida que alcanza os 696.865,62 euros para a execución de diferentes actuacións en infraestruturas, servizos e equipamentos públicos.

Segundo explicou o alcalde, Francisco Balado, unha parte destacada dos investimentos destinarase á mellora da accesibilidade, a sinalización e a xestión de residuos no conxunto histórico e artístico do municipio, cun investimento próximo aos 163.000 euros e unha achega de 100.000 euros procedente de Agader.

O orzamento tamén reserva arredor de 220.000 euros para dous proxec-

tos de mellora viaria en diferentes parroquias do concello, financiados parcialmente pola Deputación de Lugo. As actuacións desenvólvanse en núcleos como Prevesos, Castro de Rei, Santa Locaia, Bazar, Outeiro, Ramil, Ansemar, Loentia, Orizón, Duarría e Mondriz.

Entre as obras previstas figura tamén o acondicionamento de beirarrúas na Praza de Galicia, cun investimento superior aos 54.000 euros, así como a reparación da Ponte do Muíño de Reguntille, actuación que contará con apoio provincial.

As contas municipais inclúen ademais partidas para mellorar os accesos e a sinalización en distintos núcleos rurais, ampliar a rede de abastecemento de auga en Mondriz, Viladonga e Triabá, e renovar o alumbeado público mediante a instalación de 51 luminarias LED e oito novos puntos de luz en Ponte

de Outeiro e Bazar.

Tamén destinará fondos á adquisición de camas xerátricas para a residencia San Xoán e á mellora do parque infantil de Castro, entre outras actuacións previstas para o exercicio.

No apartado de transferencias correntes, o orzamento recolle máis de 800.000 euros destinados á escola infantil, á atención á dependencia e ao Servizo de Axuda no Fogar. Desta cantidade, máis de 700.000 euros proceden da Xunta de Galicia para programas relacionados coa dependencia e a escola infantil, mentres que a Deputación achega recursos para o SAF básico e outros servizos.

O alcalde destacou a ausencia de débeda municipal e a existencia dun equilibrio orzamentario, aínda que advertiu da necesidade de revisar algunhas taxas municipais.

Castro de Rei prepárase para celebrar as festas

O concello de Castro de Rei acollerá os vindeiros días 10, 11 e 12 de xullo as tradicionais festas na honra a San Xoán, cunha programación ampla e para todos os públicos, organizada coa colaboración da veciñanza e distintas entidades locais.

As celebracións darán comezo o venres 10 de xullo, cunha gran churrascada popular ás 22.00 horas, na que se prevé unha alta participación. A velada estará amenizada polo Dj Miguel Cendo, recoñecido pola súa animación musical, e a actuación da orquestra Saudade, que completará unha noite festiva na que non faltará o baile nin a música ata altas horas.

O sábado 11, a programación comezará coa tradicional misa solemne ás 13.30 horas, seguida dunha sesión vermú a cargo da

Orquestra Alabama, que tamén será a encargada da verbena nocturna, compartindo escenario co coñecido dúo Élite.

O broche de ouro chegará o domingo 12 de xullo, cunha nova xornada de celebración que incluírá misa solemne e procesión ás 13.30 horas, seguida dunha sesión vermú e verbena a cargo da espectacular Fuxsion Latina, que porá o punto final a tres días de festa, tradición e encontro comunitario.

A xornada festiva contará os tres días con colchonetas gratis para os máis pequenos.

Dende o Concello e a organización convidan a toda a poboación e visitantes a participar e desfrutar dunhas festas que combinan tradición, música e bo ambiente, mantendo vivo o espírito de San Xoán no corazón da Terra Chá.

Avanzan os trámites da reestruturación parcelaria de Viladonga



A directora xeral de Desenvolvemento Rural da Consellería do Medio Rural, Paz Rodríguez, participou hoxe na entrega de boletíns das bases de reestruturación parcelaria de Viladonga, no concello de Castro de Rei, aos titulares dos terreos que abrangue, nun acto no que tamén estivo presente o alcalde da localidade, Francisco Balado.

Este é un trámite necesario para continuar con este proceso, de maneira que, ademais de facilitarlles a documentación cos datos sobre as parcelas, informouse aos veciños sobre os prazos e materias susceptibles

de seren recorridas en alzada, de ser o caso, así como doutras cuestións de interese. Ademais, explicouse aos propietarios que se aprobaron as bases de reestruturación parcelaria e o plan de ordenación de predios de especial vocación agraria (Popeva). Na provincia de Lugo, esta é a segunda zona na que se aprobaron bases este ano, despois da de Riomol, en Castroverde. A parcelaria de Viladonga comprende un total de 824 parcelas, correspondentes a 143 propietarios, e abrangue unha superficie total que supera as 550 hectáreas.

O Critérium Aeronáutico de Galicia celebra a súa XVIII edición



O XVIII Critérium Aeronáutico de Galicia e a 40 edición da Volta Aérea a Galicia organizados polo Real Aeroclub de Lugo no aeródromo de Rozas, en Castro de Rei, reunirán a próxima fin de semana a profesionais e afeccionados ao mundo da aviación cunha ampla oferta de actividades abertas ao público.

O Critérium Aeronáutico ofrecerá unha gran variedade de propostas pensadas para achegar a aviación a toda a cidadanía. O acceso ao aeródromo será gratuíto e o horario das actividades estará comprendido entre as 10:00 e as 14:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas.

Entre as propostas figuran voos en avións acrobáticos, voos de iniciación en distintas aeronaves, unha exposición de Indra e unha mostra de aeronaves históricas e actuais, así como de aeronaves non tripuladas, aeromodelismo e distintos elementos vinculados ao sector aeronáutico.

Desde o Real Aeroclub de Lugo lembran que todas as actividades estarán condicionadas polas circunstancias meteorolóxicas e que o obxectivo principal desta iniciativa é achegar a aviación á cidadanía e fomentar o interese polo sector aeronáutico.

O primeiro incendio do verán na provincia foi en Castro de Rei

Un incendio forestal declarado a tarde do xoves 2 de xullo na parroquia de Quintela, no municipio de Castro de Rei, quedou estabilizado despois de varias horas de intenso traballo por parte dos equipos de extinción. O lume iniciouse ás 15.14 horas e, segundo informou a Consellería do Medio Rural, a súa evolución favorable permitiu dar por estabilizado o incendio pouco despois das 18.30 horas. As primeiras estimacións apuntan a que o fogo afectou a unha superficie próxima ás 2,7 hectáreas. Ata a zona desprazouse un importante dispositivo integrado por catro axentes, un técnico, sete brigadas, catro motobombas, dúas pas, dous avións e catro helicópteros, que traballaron de maneira coordinada para conter o avance das lapas. O incendio provocou tamén incidencias no subministro eléctrico da contorna. Entre as infraestruturas afectadas atópase o depósito de auga situado en Quintela.

Desde o Concello de Castro de Rei explicaron que a falta de electricidade obrigou a recorrer a dous grupos electrógenos para manter o bombeo de auga. Porén, advertiron de que estes equipos non son suficientes para cubrir a elevada demanda existente, polo que non se descarta que poidan producirse problemas de abastecemento nalgúns zonas do municipio.

DEPUTACIÓN

Presentan o proxecto dunha aula móbil para a formación no forestal

A Deputación de Lugo reforza o seu compromiso co sector forestal cun proxecto pioneiro que achega a formación ao propio lugar de traballo. O anuncio realizouno o deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, durante a Asemblea Xeral de Lugomadera, celebrada en Vilalba.

Para poder desenvolver este proxecto con este colectivo, que reúne a 270 asociados e asociadas, a institución provincial asinará un convenio coa asociación para a adquisición e acondicionamento dunha unidade móbil de formación, unha aula sobre rodas que permitirá achegar a capacitación profesional directamente ás explotacións e aproveitamentos forestais da provincia. O investimento total ascende a máis de 65.000€ dos que a Deputación achega 60.000€. O proxecto parte dunha idea “tan sinxela como innovadora”, detallou Rivera, cando explicou que se trata de “levar a formación ata onde están os profesionais. Fronte aos modelos tradicionais, que esixen desprazamentos a centros especializados, esta aula itinerante permitirá impartir formación directamente no monte, facilitando o acceso á actualización de coñecementos e á formación continua sen que a distancia ou a dispersión territorial supoñan unha dificultade engadida”. A unidade móbil contará con aula portátil, ferramentas demostrativas e material audiovisual, e ofrecerá contidos adaptados ás necesidades reais do sector. As accións formativas abrangerán desde operacións



forestais básicas, como apeo, desbroce ou poda, ata aspectos normativos, ambientais e preventivos. A seguridade e a saúde laboral terán un papel destacado, con formación específica sobre o uso correcto dos equipos de protección e a aplicación de técnicas de traballo seguro. Ademais, a iniciativa incorporará unha campaña de sensibilización para promover boas prácticas na conservación da rede viaria provincial. Neste marco elaborárase e distribuírase un manual de boas prácticas dirixido ás empresas e profesionais do sector, que incluírá recomendacións técnicas e medidas preventivas para as operacións de corta, desembosque, carga e transporte de madeira, co obxectivo de minimizar o impacto sobre as infraestruturas viarias e contribuír á seguridade dos seus usuarios. Rivera destacou que esta actuación é un exemplo da colaboración entre a administración pública e o tecido produtivo para dar resposta a necesidades reais e contribuír ao fortalecemento dun sector clave para o desenvolvemento económico.

Esixe que se retire o decreto que pecha os ambulatorios os sábados

O Pleno da Deputación aprobou reclamarlle á Xunta a retirada do decreto que modifica a organización da atención primaria os sábados en horario de mañá. Unha medida que supón, na práctica, o peche de centros de saúde, unha maior presión asistencial sobre os Puntos de Atención Continuada (PAC) e un novo retroceso da sanidade pública no rural. Así se acordou tras unha moción socialista aprobada co apoio do BNG e o Deputado non adscrito, e cos únicos votos en contra do PP.

“Estamos ante un novo golpe á sanidade pública e á atención de proximidade”, valorou a Presidenta da institución provincial, Carmela López, antes de entrar á sesión plenaria. “Falta planificación, sabemos que a poboación se triplica en moitísimas comarcas e non é aceptable que a solución aos problemas estruturais da atención primaria pase por cerrar consultas e trasladar toda a presión aos PAC”, engadiu. Na defensa da iniciativa, o Deputado de Recursos Sostibbles, Francisco Cajoto, denunciou que o decreto foi aprobado sen diálogo cos profesionais sanitarios e que concentra a atención nos PAC sen reforzar os cadros de persoal nin os recursos dispoñibles. Tamén advertiu de que modifica de maneira unilateral as condicións laborais dos profesionais e agrava a sobrecarga dun servizo que xa sofre unha importante falta de persoal. Cajoto lembrou que a medida foi rexeitada polos propios profesionais sanitarios e puxo como exemplo as dificultades de acceso á atención urxente en concellos como Friol,



onde a veciñanza debe desprazarse a Lugo, Guitiriz, Palas de Rei, Outeiro de Rei ou Guntín. Ademais, sinalou que, segundo o Consello de Contas, un de cada tres profesionais do sistema sanitario galego ten un contrato eventual, unha porcentaxe que ascende ao 40 % no caso do persoal de enfermaría.

SERVIZOS SOCIAIS. A Deputación tamén demandará á Xunta un plan estratéxico de servizos sociais e a transparencia no seu financiamento e no do sistema galego de dependencia. A medida quedou tamén aprobada no Pleno celebrado este martes no Pazo de San Marcos tras unha moción socialista que saíu adiante cos votos a favor do PSdeG, BNG e o Deputado non adscrito e os votos en contra do PP. O Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, sinalou que o envellecemento da poboación, a dispersión xeográfica ou a maior lonxevidade das persoas están a incrementar as necesidades asistenciais das persoas maiores e dependentes de toda Galicia. Unha

situación que se ve agravada polas “importantes” carencias en materia de planificación, coordinación e financiamento como evidencian as cifras oficiais. A iniciativa aprobada inclúe instar á Xunta a elaborar e aprobar o Plan Estratéxico de Servizos Sociais de Galicia previsto por Lei; presentar un informe detallado e público sobre as achegas económicas destinadas ao financiamento do sistema de dependencia en Lugo entre o 2012 e o 2025; a que reforce o financiamento do Servizo de Axuda no Fogar; e a desenvolver unha planificación real e coordinada de prazas residenciais e recursos sociais. O Pleno provincial sacou adiante, por unanimidade, unha Declaración Institucional reafirmando o seu compromiso cos dereitos do colectivo LGTBI, con motivo do Día Internacional do Orgullo que se conmemorou o pasado domingo 28 de xuño. Un texto que denuncia a persistencia da discriminación e a violencia e chama a reforzar as políticas públicas de igualdade, protección, educación e convivencia inclusiva.

A OLERÍA NA PROVINCIA



O Centrad acolleu a presentación do libro *Conciencia dunha tradición*. *Olería de Mondoñedo, Bonxe, Samos e Gundivós*, unha obra editada polo Servizo de Publicacións da Deputación de Lugo que continúa o traballo de investigación e divulgación sobre a tradición oleira da provincia. O volume está asinado por Luís Hixinio Flores Rivas, Óscar Lantes-Suárez, María Pilar Prieto Martínez, Manuel Fernández López “Lolo” e Orlando Viveiro Veiga, autores desta terceira entrega da colección Formas tradicionais da cerámica popular.

Adxudicado o novo sistema informático que modernizará a xestión tributaria

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo deu este venres luz verde á adxudicación, por 2,5M€, dun novo sistema informático para a xestión tributaria da institución provincial. Unha ferramenta que, en palabras da Voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, “suporá un importante avance na modernización dos servizos que prestamos aos concellos e á cidadanía”. “Falamos de algo que nos permitirá facer unha administración fiscal máis áxil, máis eficiente e máis próxima. Un sistema que dará cobertura aos concellos da provincia na xestión de

impostos, taxas e outros ingresos públicos, facilitando os trámites tanto ás administracións locais como aos contribuíntes”, sinalou García Porto. Resultou adxudicatario Gestión Tributaria Territorial SAU, que prestará este servizo durante os vindeiros catro anos. Nese sentido, explicou a Deputada que este sistema permitirá, entre outras vantaxes, reducir tempos de tramitación, impulsar a sede electrónica e ampliar as posibilidades de relación telemática coa Administración, sempre con plenas garantías de seguridade. Un sistema que incorporará melloras

específicas para facilitar os plans personalizados de pagamento e contará cun módulo de atención telefónica pensado especialmente para aquelas persoas que teñen máis dificultades para utilizar medios dixitais. Pilar García Porto asegurou que “estamos ante unha actuación que reforza a cooperación da Deputación cos concellos, mellora a calidade dos servizos públicos e facilita a relación entre a cidadanía e a Administración, facendo que os trámites sexan máis sinxelos, máis rápidos e máis accesibles”.

DEPORTES

Máis de 25 anos construíndo atletismo desde a base en Lugo

Javier Piñeiro destaca o traballo, a formación e a aposta polo talento local como as claves da Escola Atlética Lucense desde a súa creación

Jessica Fernández

A Escola Atlética Lucense naceu en 1998 cunha idea clara: ofrecer a nenos e mozos un espazo onde desenvolverse a través do atletismo, non só desde o punto de vista deportivo, senón tamén educativo e persoal. Máis de vinte anos despois, o club mantén esa filosofía inicial, baseada no traballo, a formación e a aposta polo talento local, aínda que continúa enfrontándose a algunhas dificultades que xa estaban presentes nos seus inicios.

Javier Piñeiro, principal adestrador e un dos impulsores do proxecto xunto a Castaño, lembra que a idea comezou a xestarse un ano antes da creación oficial do club. O obxectivo inicial era dar continuidade aos mozos que adestraban nos colexios Franciscanos e Compañía de María e ofrecerlles unha estrutura propia onde poder seguir medrando.

Ademais, existía unha necesidade importante na cidade de que existise outro club. “Tiñamos bos atletas que se metían en clubs doutras cidades, como Santiago ou Ourense, que sempre eran campións galegos, e non nos parecía ben que aparecesen como se fosen de alí. Eran de Lugo”, lembra Piñeiro, quen explica que o proxecto tamén naceu coa intención de dar recoñecemento aos deportistas da cidade.

Os comezos non foron sinxelos. A escola tivo que construírse practicamente desde cero, nunha etapa marcada polo esforzo e o investimento persoal de quen apostou polo proxecto. “Montamos a escola con moito traballo e esforzo. Custou moito porque non tiñamos nada; subvencionamos nós mesmos a escola durante anos”, sinala o adestrador, quen asegura que a motivación dos mozos era o principal impulso para seguir adiante.

Co paso do tempo, ese traballo permitiu que algúns deportistas formados no club alcanzasen o ámbito internacional. Piñeiro destaca que un dos piares fundamentais para conseguilo foi a preparación dos adestradores. “Nós preparámonos para estar ao maior nivel que poidamos como adestradores e que os nenos poidan chegar ao máximo”.

A Escola Atlética Lucense traballa desde as categorías máis temperás, comezando en prebenxamín e chegando ata veteranos. A súa estrutura busca combinar a iniciación e o perfeccionamento deportivo, pero sen perder de vista a formación persoal. A competición, independentemente do nivel ou especialidade de cada atleta, enténdese como unha parte máis da aprendizaxe e como unha ferramenta para transmitir valores como o esforzo, a responsabilidade,

o respecto ou a capacidade de sacrificio.

Actualmente, o club conta con arredor de 140 licenzas, aínda que Piñeiro considera que o crecemento non debe medirse unicamente en cifras. Para el, o obxectivo principal segue sendo manter unha formación de calidade e contar con profesionais preparados traballando cos mozos. Porén, recoñece que dispoñer dunha base ampla tamén aumenta as posibilidades de atopar deportistas con potencial competitivo.

A principal dificultade, segundo explica, continúa sendo económica. “Seguimos contando co mesmo diñeiro de hai 20 anos. Non mellorou a subvención que temos. Pero o hotel agora cóstache tres veces máis, a comida, a gasolina... as viaxes custan o dobre, pero a subvención é a mesma”, lamenta. A isto súmase, segundo afirma, a escaseza de axudas institucionais, que considera insuficientes para afrontar os gastos de funcionamento dun club co volume de actividade que desenvolve durante toda a tempada.

No día a día, os adestramentos desenvólense nas Pistas de Atletismo Cidade da Cultura, unha localización elixida principalmente pola comodidade e accesibilidade para as familias. A planificación varía segundo a idade e o nivel de cada deportista.



Os máis pequenos traballan mediante xogos e actividades orientadas a desenvolver habilidades básicas, mentres que a partir dos 14 anos as sesións adquiren unha maior esixencia e especialización, incluíndo ximnasio, series, traballos de ritmo ou adestramentos específicos adaptados a cada caso.

Porque se hai algo no que Piñeiro insiste é en que o atletismo non pode entenderse como unha disciplina uniforme. “O adestramento dunha persoa, mesmo facendo a mesma distancia, non ten que ser igual ca o doutra porque cada unha ten as súas condicións. É como chegar a Roma. A Roma chegabas por varios camiños”. Tamén rexeita a visión simplificada que moitas veces existe sobre este deporte. Considera que o atletismo é unha disciplina esixente e que require unha preparación axeitada para evitar problemas físicos derivados de adestramentos mal enfocados ou improvisados.

Para Piñeiro, a clave segue sendo a

mesma desde hai anos: “Traballar, traballar, traballar e traballar”. Aínda que recoñece que as condicións naturais poden marcar diferenzas, sostén que sen esforzo resulta imposible alcanzar un alto nivel competitivo.

Máis alá dos resultados e das medallas, asegura sentirse orgulloso de todos os integrantes do club, independentemente das súas capacidades deportivas. O que realmente valora é o compromiso e a ilusión de quen adestra cada día. “Eu valoro o traballo e a ilusión que ten unha persoa cando lle brillan os ollos ao falar de atletismo”.

Coa vista posta no futuro, o adestrador considera que aínda existen aspectos por mellorar. O club busca reforzar a súa estrutura de patrocinio e aumentar a súa visibilidade dentro da propia cidade, algo que considera necesario para atraer máis mozos á base e continuar formando deportistas preparados para afrontar retos cada vez maiores.

O CV Emevé reforza o seu proxecto deportivo con fichaxes internacionais

O Club Voleibol Arenal Emevé continúa avanzando na configuración dos seus equipos para a próxima tempada cun proxecto que combina estabilidade, formación e reforzos de peso para afrontar os retos deportivos do novo curso.

No conxunto masculino, José Valle seguirá unha campaña máis dirixindo o equipo, converténdose así na súa quinta tempada consecutiva. O técnico de Abadín continuará liderando un proxecto que afrontará o seu segundo curso na segunda categoría do voleibol nacional mantendo unha aposta polos xogadores novos, a formación e o desenvolvemento do talento propio. alle mostrou a súa intención de dar

continuidade ao traballo realizado durante os últimos meses. Ademais, avanzou que unha parte importante do grupo da pasada campaña continuará formando parte do equipo. O adestrador destacou a implicación dos xogadores, sinalando que foi un dos grupos máis traballadores cos que contou nos últimos anos.

No apartado feminino, as Loitadoras continúan reforzando a súa estrutura para afrontar a súa sétima tempada consecutiva na Liga Iberdrola. Un dos nomes destacados é o de Sara Díaz, oposta brasileira de 32 anos que chega a Lugo tras desenvolver unha extensa carreira en competicións internacionais e despois de deixar unha importante pegada na

máxima categoría española.

Tamén se incorpora Sofía Tummino, xogadora italoarxentina de 25 anos especializada en tarefas defensivas. A nova integrante do equipo chega tras completar dúas destacadas campañas no Heidelberg, co que conseguiu proclamarse campioa da Liga Iberdrola na tempada 2024/25 e gañar a Supercopa de España na campaña 2025/26.

O proxecto das Loitadoras incorpora ademais a Irene Ruiz, central catalá de 25 anos que chega procedente do CVB Barça tras competir a pasada tempada na Superliga 2. A xogadora conta cunha ampla experiencia no voleibol estatal e inicia agora unha nova etapa coa intención de



consolidarse na máxima categoría.

A planificación deportiva complétase coa chegada de Catalina Rochaix, colocadora arxentina de 23 anos que afrontará en Lugo a súa primeira experiencia no voleibol europeo. A xogadora procede da Eastern Illinois University, onde completou unha brillante etapa universitaria

converténdose nunha das mellores colocadoras da Ohio Valley Conference e acumulando ademais experiencia coa selección arxentina.

Con estas incorporacións e coa continuidade da súa estrutura deportiva, o Emevé continúa perfilando un proxecto que busca combinar xuventude, crecemento e experiencia.

Uxía Folgueira, ouro na Youth League de Croacia



Uxía Folgueira González, da Escola Deportista Shiha, volveu situarse entre a elite do karate mundial tras proclamarse campioa da Youth League disputada en Porec, en Croacia. A deportista acadou a medalla de ouro na modalidade de kata cadete despois de superar unha esixente competición con duros enfrontamentos que a levaron ata o máis alto do podio mundial. Este novo éxito reforza a súa progresión nun curso deportivo que continúa deixando resultados destacados tanto no ámbito estatal como internacional. A karateca xa chegaba á cita nun gran momento de forma tras conquistar o ouro nas categorías inferiores da propia Youth League e despois de completar unha destacada actuación nos Campionatos do

Mediterráneo celebrados o pasado 22 de xuño en Alexandría, onde competiu representando a España. Na competición internacional conseguiu a medalla de ouro na modalidade de kata por equipos cadete-júnior, despois de que o combinado español superase ás actuais campioas africanas. Ademais, tamén logrou unha medalla de bronce na categoría individual de kata cadete ao impoñerse á actual subcampioa de Europa. Os seus adestradores, Adrián Yáñez e Lara Abelleira, destacaron o esforzo e a capacidade de traballo da karateca, á que definen como unha deportista disciplinada que combina con éxito a súa preparación deportiva coa súa formación académica.

O CD Lugo inicia unha nova etapa co adestrador Borja Fernández

O Club Deportivo Lugo avanza na planificación deportiva da tempada 2026/27 coa incorporación de Borja Fernández, técnico galego que asumirá a responsabilidade de liderar o novo proxecto deportivo do club. A entidade aposta así por un perfil novo, cun amplo coñecemento do fútbol, experiencia en vestiarios de alto nivel e unha traxectoria recente marcada polos bos resultados deportivos. O adestrador chega ao Anxo Carro tras completar unha destacada etapa na UD Ourense, onde conseguiu dous ascensos consecutivos nos últimos anos. Ademais, deixou ao conxunto ourensán competindo en Primeira Federación despois dunha tempada especialmente destacada nun equipo que debutaba na categoría. Antes da súa etapa como técnico, Fernández desenvolveu unha ampla carreira como futbolista profesional, defendendo as cores de equipos como o Real Madrid, o Real Valladolid ou o Getafe, entre outros clubs. Esa experiencia nos escenarios de maior esixencia competitiva é unha das credenciais coas que afrontará o novo reto no banco albivermello. No apartado de incorporacións, o club confirmou tamén a chegada de Óscar Castellano, coñecido futbolisticamente como Chiqui, quen regresa á disciplina lucense para as dúas próximas campañas. O extremo extremeño xa coñece a entidade tras o seu paso polo filial durante



a tempada 2019/20, etapa na que chegou a debutar co primeiro equipo en Segunda División, acumulando catro partidos e unha asistencia. Chiqui regresa a Lugo tras completar unha notable campaña coa AD Mérida, equipo no que participou en 37 encontros, anotou un gol e repartiu oito asistencias. Ao longo da súa traxectoria tamén destacou en conxuntos como o Pontevedra CF e o Coruxo FC, deixando bos rexistros tanto en participación como en produción ofensiva. A súa capacidade de no un contra un, a velocidade e a verticalidade son algunhas das características coas que buscará reforzar o ataque albivermello. Ademais, o club tamén aclarou a situación contractual do primeiro persoal de cara ao novo curso. Os xogadores que manteñen contrato en vigor coa entidade son Marc Martínez, Yago Rodríguez, Ibaidier

Garriz, Álex Gallar, Pere Haro, Jorge González, Antonio Perera, Kevin Presa, Nico Reniero, Gabriel Costa, Teofilovic e Samanes, aos que se suman as incorporacións xa anunciadas de Alberto Ulloa, en condición de cedido, e Chiqui. Porén, outros futbolistas rematan a súa vinculación coa entidade. Estes son Pablo Trigueros, Víctor Pastrana, Iker Piedra, Diego Caballo, Iker Unzueta, Iago López, Iago Junior, Josep Gayà e Borja Sánchez. Estas baixas únense ás xa coñecidas de José Amo e Txus Alba, mentres que Neco Celorio tamén finaliza a súa etapa tras concluír a súa cesión. Ademais, Jon Merino, Alberto Freire e Fernando Embadje regresarán ao club unha vez rematados os seus respectivos préstamos, mentres que Maycon e Jaime Cuéllar non continuarán formando parte da disciplina lucense.

116 deportistas de Lugo estarán nos XVI Xogos do Eixo Atlántico

Unha expedición integrada por 116 deportistas e corpo técnico de Lugo participa nos XVI Xogos do Eixo Atlántico, que se celebra en Santiago de Compostela. A delegación lucense estará formada por 31 integrantes no baloncesto, entre xogadores, xogadoras e corpo técnico; 24 persoas no balonmán máis catro adestradores; 28 participantes en voleibol; 24 integrantes en atletismo entre deportistas e técnicos; e 13 persoas vinculadas á natación. Así, competirán nas cinco disciplinas oficiais da competición: baloncesto, balonmán, voleibol, atletismo e natación, cunha presenza equilibrada entre categorías masculinas e femininas. Os XVI Xogos do Eixo Atlántico reúnen nesta edición a máis de

2.300 deportistas procedentes de 28 cidades de Galicia e do norte de Portugal, consolidándose como unha das principais citas do deporte base na Euro-rrexión. A competición tamén reforza a súa aposta pola igualdade e pola inclusión. Por primeira vez, todas as disciplinas contarán co mesmo número de categorías e prazas masculinas e femininas, ao tempo que se ampliará a presenza do deporte adaptado nas modalidades de atletismo e natación. A alcaldesa de Lugo, Elena Candia, destacou que os integrantes da expedición xa constitúen un exemplo polo traballo realizado ao longo dos anos e pola dedicación que existe detrás de cada traxectoria deportiva.

A Praza do Castiñeiro está a acoller a ‘Viaxe pola historia do xadrez’

A Concellería de Educación desenvolve durante o mes de xullo na Praza do Castiñeiro a actividade “Viaxe pola historia do xadrez”, unha proposta gratuíta e aberta á participación da cidadanía que forma parte do programa municipal Xadrez Infantil. A iniciativa estase levando a cabo desde o 1 de xullo e seguirá ata o día 15 de xullo, de luns a venres, en horario de 18:00 a 20:00 horas. O obxectivo desta proposta é ampliar a oferta de actividades deportivas, educativas e de lecer nos espazos públicos da cidade, ao tempo que se facilita a conciliación da vida laboral e familiar das veciñas e veciños de Lugo. A organización indica que, no caso de condicións meteorolóxicas adversas ou choiva, a actividade quedará suspendida.

Instalouse así un xadrez xigante xunto con varios taboleiros convencionais para que as persoas asistentes poidan xogar, practicar ou dar os primeiros pasos neste deporte. As persoas que xa teñan coñecementos previos poderán compartir partidas ao aire libre, mentres que aquelas que nunca xogaran terán a oportunidade de iniciarse dunha maneira sinxela, dinámica e participativa. A participación será libre, gratuíta e sen necesidade de realizar inscrición previa. A proposta está aberta a todos os públicos, aínda que se dirixe á infancia e ás familias. O programa Xadrez Infantil, promovido pola Concellería de Educación, busca fomentar a práctica deste deporte na cidade, especialmente entre a poboación máis nova, entendéndoo como unha actividade

que combina aprendizaxe, xogo, cultura e práctica deportiva. Desde a organización destacan que o xadrez contribúe ao desenvolvemento de capacidades como a concentración, a memoria, a planificación e a resolución de problemas. Cada partida supón un exercicio de observación, análise e toma de decisións que favorece o desenvolvemento do pensamento lóxico e creativo. Ademais dos beneficios cognitivos, a práctica deste deporte tamén axuda a potenciar valores como a paciencia, o respecto, a responsabilidade, a perseveranza e o xogo limpo. A aprendizaxe para asumir vitorias, derrotas e erros convértese tamén nunha ferramenta útil para reforzar habilidades sociais e emocionais que resultan aplicables ao día a día.

As fichaxes marcan a folla de ruta do CB Breogán para a tempada

O Club Baloncesto Breogán continúa avanzando na configuración do seu cadro para a tempada 2026/27 incorporando pezas para reforzar diferentes posicións do equipo. Entre os reforzos confirmados atópase Edgar Vicedo, xogador madrileño con ampla experiencia na ACB tras o seu paso por equipos como Estudiantes, Unicaja, Tenerife ou Granada. O ala-pivote chega procedente do Hestia Menorca e achegará versatilidade, experiencia e capacidade defensiva ao xogo celeste.

O Breogán tamén recupera a Jonathan Kasibabu, que regresa a Lugo para iniciar unha segunda etapa no club. O interior congolés retorna despois do seu paso por varios equipos de Primeira FEB e destaca pola súa intensidade física, a capacidade reboteadora e a súa presenza no xogo interior. Para reforzar o perímetro, o conxunto lucense incorporou ao estadounidense Tevin Brown, un xogador con marcado perfil ofen-



sivo que chega tras completar unha gran campaña no baloncesto alemán, onde destacou especialmente pola súa capacidade anotadora e o seu acerto no lanzamento exterior.

Outra das caras novas será Josep Peris, escolta valenciano que tamén pode actuar como base. O xogador chega despois dunha progresión destacada nas últimas tempadas e destaca polo manexo

de balón, a visión de xogo e a súa capacidade para xerar perigo desde o perímetro.

No xogo interior tamén se suma Aleksa Ilić, internacional montenegrino con experiencia en competicións europeas como a Euroliga, a Eurocup ou a Basketball Champions League. O pivot chega para aportar presenza baixo os taboleiros, solidez defensiva e capacidade reboteadora.

Jorge González e Nere Nuño gañan a primeira Vacaloura Gravel

A primeira edición de Vacaloura Gravel cumpriu coas expectativas e converteu a Terra Chá no epicentro do gravel galego durante unha intensa xornada de ciclismo, natureza e aventura. Máis de 300 participantes gozaron dun percorrido deseñado para descubrir algunhas das paisaxes máis representativas da comarca, nunha cita que nace con vocación de continuidade e que deixou un excelente sabor de boca tanto entre os ciclistas como entre a organización, o Club Ciclista Cidade de Lugo. A competición reuniu corredores chegados de distintos puntos de Galicia e do resto do Estado para afrontar os dous percorridos propostos, de 100 e 55 quilómetros, nun terreo que combinou pistas forestais, camiños rurais e estradas secundarias, amosando o enorme potencial que ofrece a Terra Chá para a práctica do gravel. No percorrido competitivo absoluto, a vitoria foi para Jorge González



Segurado, que completou a proba nun tempo de 2:58:00, converténdose no primeiro vencedor da historia de Vacaloura Gravel. O podio masculino completárono David Pollán Díaz, segundo con 3:02:56, e Mario Costa, terceiro con 3:04:07. Na categoría feminina, o triunfo foi para Nere Nuño Iglesias, que cruzou a meta cun tempo de 3:41:12, por

diante de Cecilia Abal Mosteiro e Gemma Martínez.

Máis alá da loita pola clasificación absoluta, Vacaloura Gravel volveu poñer de manifesto a filosofía coa que naceu o proxecto. Centos de afeccionados participaron nas modalidades cicloturistas, gozando dunha xornada de deporte e natureza polos camiños da Terra Chá.

O CN PortaMiñá brilla no Campionato Galego Junior/Absoluto de Verán



O Club Natación PortaMiñá puxo o broche á tempada no Campionato Galego Junior/Absoluto de Verán disputado en Ourense cun balance de resultados que confirma o gran nivel amosado polo equipo ao longo do curso. A entidade lucense asinou unha destacada actuación colectiva, logrando o primeiro posto na clasificación conxunta absoluta, o título feminino absoluto, o segundo lugar masculino absoluto, ademais de liderar tamén a clasificación conxunta júnior e a feminina desta categoría. O equipo masculino júnior finalizou na sexta posición.

A nivel individual, unha das grandes protagonistas foi Sofía

Mourenza, que recibiu o recoñecemento como mellor nadadora do campionato segundo a puntuación World Aquatics, completando así unha fin de semana especialmente brillante para o club. Con esta cita, o PortaMiñá pecha unha tempada marcada polo esforzo e a constancia dos seus deportistas, poñendo fin a meses de traballo e consolidando un curso que desde a entidade cualifican como inesquecible para boa parte dos seus nadadores absolutos e júniors. O club destacou ademais o papel dos adestradores, das familias e de todas as persoas que forman parte do proxecto, subliñando que os éxitos acadados son o resultado dun traballo colectivo.

A Escola Lucense de Tiro con Arco presume de resultados

O Campo Municipal de Fútbol de Ponteceso acolleu a celebración do Trofeo Federación Galega de Tiro con Arco ao Aire Libre, unha competición organizada polo Club Flechas por un Tubo na que participaron deportistas da Escola Lucense de Tiro con Arco en distintas modalidades e categorías.

Entre os resultados máis destacados da representación lucense figuran dous subcampeonatos. Fon Villamiel conseguiu a segunda posición na categoría Tradicional +50 masculina tras sumar 516 puntos, quedando a tan só un punto da primeira posición. Pola súa banda, José Ángel

Otero Martínez proclamouse subcampión en Longbow +50 masculino con 515 puntos.

Tamén logrou un posto no podio Áxel Fernández Arias, que finalizou en terceira posición na categoría Recurvo Alevín tras alcanzar os 512 puntos.

No resto de participacións, Juan Andrés Casaleiro Piña rematou no décimo posto en Recurvo masculino con 512 puntos, mentres que José Luis López Jiménez foi décimo cuarto en Recurvo +50 masculino con 452 puntos. María Castelo concluíu a competición na sétima posición en Recurvo feminino con 218 puntos.

LUGOXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfono: 661 464 323
E-mail: redaccion@lugoxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.
Dep. Legal: LU 56-2021

DE RUTA EN RUTA

Ruta de Foz das Aceas en Sarria

O itinerario circular permite descubrir un dos espazos naturais máis frecuentados da comarca, seguindo o curso do río Sarria

Entre a vexetación e o son constante da auga atópase a Foz das Aceas, un dos espazos naturais máis coñecidos e visitados de Sarria, unha ruta que combina patrimonio, natureza e pequenas historias que permanecen vivas na memoria colectiva. Este itinerario circular, cun percorrido próximo aos oito quilómetros, destaca pola súa baixa dificultade, converténdose nunha alternativa accesible para realizar en familia ou para quen busca unha camiñada tranquila entre árbores e ribeiras. O traxecto pode completarse aproximadamente en dúas horas, sen presentar grandes desniveis nin tramos especialmente esixentes. O percorrido ten o seu punto de inicio no Paseo do Malecón, na unión coa rúa Calvo Sotelo, un espazo que xa acompaña o visitante co murmurio continuo do río Sarria. Dende os primeiros metros, a auga convértese na compañeira de viaxe, guiando os pasos por unha paisaxe na que predominan a vexetación autóctona e as zonas de sombra.

DATOS



2 horas




8 quilómetros



Dificultade baixa

A medida que avanza a ruta, o camiño abandona puntualmente a marxe fluvial para internarse entre árbores e pequenos sendeiros que atravesan un bosque espeso e húmido. O itinerario permite descubrir diferentes elementos que durante décadas formaron parte da vida cotiá da zona, como antigas presas ou muíños que lembran a estreita relación entre o río e os habitantes da contorna. Escaleiras de madeira e pasarelas integradas no medio natural facilitan o paso por diferentes puntos do percorrido, creando ademais unha experiencia dinámica e atractiva. Un dos momentos máis destacados chega coa travesía dunha ponte de madeira que permite cruzar o río para continuar polo lado oposto, onde o sendeiro conduce ata unha pequena ferenza rodeada de vexetación. Pero este lugar non destaca só polo seu valor paisaxístico. A Foz das Aceas tamén agocha historias que forman parte do imaxinario local. Entre elas atópase a coñecida Cova de Gaspar, un espazo asociado a un relato transmitido de xeración en xeración e que, segundo a tradición oral, serviu de refuxio a un veciño durante a Guerra Civil española para escapar da persecución e salvar a vida. Durante anos, esta contorna tamén foi un punto de encontro habitual para moitos sarriáns, que acudían ao lugar para compartir tardes de verán entre amigos. Co paso do tempo, aquel espazo de reunión acabou converténdose nun dos itinerarios naturais

máis frecuentados da comarca, un lugar escollido para camiñar, descansar ou simplemente desconectar do ritmo diario. Toda a ruta xira arredor do río Sarria, tamén coñecido como Oribio, un curso fluvial de 57 quilómetros que atravesa diferentes concellos da provincia de Lugo antes de desembocar no río Neira. As súas augas nacen entre montañas e percorren unha ampla cunca hidrográfica que dá forma a boa parte da paisaxe da comarca. A Ruta de Foz das Aceas convértese así nunha proposta que reúne natureza, tranquilidade e pequenas pegadas da historia local nun mesmo percorrido, un espazo onde cada recuncho parece gardar algo por descubrir.





Parrillada Restaurante

Porta Santiago



LLEVAMOS EL RESTAURANTE A TU CASA

CATERING SAN YAGO

Banquetes a domicilio

676 008 992



Hostal

Cela

ALQUILER DE HABITACIONES Y APARTAMENTOS

619 376 877

Con baño, TV y caja fuerte, Wi-Fi...
Para pensionistas, trabajadores, estudiantes
CON O SIN PENSIÓN COMPLETA

Ronda da Muralla, 176 - 27002 Lugo · Tel: +34 982 252 405 - restauranteportasantiago@gmail.com